

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de outubro de 2023
Duración	Desde as 20:33 ata as 1:13 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***89888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	NON



***6851**	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
***6473**	Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Sra. Alcaldesa: Quero aclarar que esta convocatoria deixou sen efecto outra que solicitara o Partido Popular de Salceda de maneira extraordinaria, un pleno que estaba convocado para esta mañá ás doce da mañá e que na Comisión Informativa que celebramos o pasado luns, os Grupos políticos acordamos incorporar o único punto da orde do día desa petición extraordinaria na sesión ordinaria de hoxe, a que estamos agora a celebrar, evitando así que se celebraran dous plenos no mesmo día. Pleno este que contén oito puntos na súa parte resolutiva.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta Pleno sesión constitutiva núm. 2023/8 celebrada do 17 de xuño

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/8 constitutiva do 17 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/8, sesión constitutiva do 17 de xuño; sendo aprobada por UNANIMIDADE de votos dos trece Concelleiros asistentes a presente sesión.

b) Acta Pleno sesión extraordinaria urxente número 10/2023 celebrada o 13 de xullo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/10, extraordinaria urxente do 13 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a



votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/10, extraordinaria urxente do 13 de xullo; sendo aprobada por UNANIMIDADE de votos dos trece Concelleiros asistentes a presente sesión.

c) Acta Pleno sesión extraordinaria número 11/2023 celebrada o 21 de agosto.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/11, extraordinaria do 21 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/11, extraordinaria do 21 de agosto; sendo aprobada por UNANIMIDADE de votos dos trece Concelleiros asistentes a presente sesión.

Expediente 2245/2023. Modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do IBI no seu artigo 3 apartado 3 e a creación do apartado 4.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Núñez Troncoso: Esta Ordenanza, nós xa levamos unha modificación fai dous anos, que por certo foi aprobada por unanimidade, era bonificar as parcelas de menos de 450 metros sen construción e tamén bonificar as parcelas basicamente as que non teñen acceso a vía pública e levan o coeficiente "H". Hai un informe no expediente da empresa Laya que non estaba fai dous anos, este é un informe novo, e aquí recolle que esas parcelas afectadas cos coeficientes "G" e "H" son agora mesmo 7953, quero pensar que fai dous anos serían menos, unhas 7800 como moito e despois se foron incorporando polas reclamacións que foron presentando os veciños, e non 10.000 como se nos dixo aquí neste pleno tanto pola parte da Alcaldesa como polo portavoz de Movemento Salceda, como pola Concelleira de área de aquel momento, que se nos dixo 10.000 agora temos un documento que non eran tal. Volvemos a levar, xa que naquel momento foi rechazado pola maioría do pleno, outras bonificacións que xa se habían levado naquela, que consisten en bonificar tamén un 90% as parcelas cunha lonxitude de fachada inferior a 7,5 metros que segundo o informe solo hai trece en todo Concello, e parcelas con cota superior a 3 metros que según o informe son 0, non hai ningunha parcela que teña cota superior a 3 metros. Que conclusión podemos quitar deste informe? pois é evidente que hai moitas parcelas mal catastradas e os veciños están pagando por parcelas que teñen un fronte menor de 7,5 metros, moitas parcelas se están pagando así e non se contempla ningunha bonificación, e vou poñer un exemplo, na parroquia de Picoña,



que é unha das parroquias máis afectadas e aquí quería dirixirme ao compañeiro de Corporación, Salustiano Guerra, que me consta que reside na parroquia da Picoña fai 20 anos aproximadamente, de verdade cree vostede que solo na parroquia da Picoña non hai máis de trece parcelas cun fronte inferior a 7,5 metros lineais? Vostede seguramente coñece ben a parroquia e sabe perfectamente que hai bastantes máis, polo tanto os veciños están pagando por unha parcela que sería susceptible de bonificación e por iso nós o traemos ao Pleno para que se bonifiquen ese tipo de parcelas que sabemos todos a día de hoxe que son inedificables; ou parcelas con unha cota media superior a 3 metros, estou convencido que tamén sabe que hai parcelas de ese tipo solo na parroquia da Picoña, con isto que se pretende? Si incorporamos este tipo de bonificacións á Ordenanza damos pé a que haxa moitos veciños que están nesa situación e seguro que o están os cales podían solicitar esas bonificación. Repito, insisto, están actualmente pagando por unha parcela que non se pode edificar. Por outro lado pedimos que esas bonificacións se fagan de oficio, que non haxa que vir aquí a rogar ano tras ano a pedir as bonificacións cando a administración, neste caso o Concello, ten todos os datos para poder aplicar a bonificación de oficio.

Outra medida que contemplamos é a de bonificar un 10% a todas as parcelas dos núcleo rurais, os núcleos rurais están basicamente nas parroquias, que ademais sabemos todos que as parroquias son os que aportan bastante máis do 50% da recadación total do IBI, e sabemos tamén que teñen un nivel de servizos inferior ao que ten agora mesmo o casco urbano, polo tanto son propostas que axudan a paliar en parte o catastrazo. Chegado este punto quería tamén dirixirme a Salustiano Guerra, compañeiro de Corporación como Concelleiro do BNG e como representante da plataforma dos afectados do catastrazo, non sei si vai manter o mesmo voto que mantivo na Comisión informativa de Contas fai tres días, vai a manter o voto en contra de estas medidas que favorecen aos veciños e en especial aos das parroquias? Vostede, polo que dixó na Comisión, pretende esperar a que se faga unha revisión catastral, parécenos ben peroprimeiro haberá que aprobar un Plan Xeral e unha vez aprobado o Plan Xeral e incorporado á base catastral haberá que facer a revisión catastral, pero de que tempo estamos falando? Tal como está agora o Plan Xeral que está aínda en “panos menores” e tendo despois en conta o proceso da revisión catastral menos de cinco, seis anos non creo que cheguemos a iso, polo tanto vostede vai a permitir que durante este seis anos os veciños estean pagando por unhas parcelas que son inedificables ou vai a votar en contra de bonificar as parcelas que están nos núcleos das parroquias, por carecer dun menor nivel de servizos que o casco urbano? Iso é como pretenden vostedes axudar ao rural? Voulle ler unha intervención que fixo vostede cando se incorporou á nova Corporación, dicía vostede *“Espero que esteamos aquí para dar o mellor de nós e para o ben da veciñanza”*, iso o dicía vostede fai seis meses, aquí estamos planteando unhas medidas para mellorar á veciñanza, si vostede non apoia isto ao final vostede está avalando o catastrazo.

Seguramente que falarán dos informes que son desfavorables, efectivamente hai



informes desfavorables pero estamos na mesma situación fai dous anos, había informes desfavorables e o pleno aprobou unanimemente as bonificacións que se aprobaron naquela, cantos informes con reparos suspensivos levantou a anterior Alcaldesa e a actual e segue levantando? Reparos suspensivos, non informes desfavorables, moitísimos, canto reparos suspensivos levantou o pleno? Moitísimos. As bonificacións anteriores e leo o que dicía por aquel entón a Concelleira de área: *“como digo temos os informes desfavorables tanto de intervención como de tesourería, como de ORAL pero creemos que toca estar do lado da veciñanza teremos que facer o esforzo de xestionar nós estas bonificacións de tramitalas e pasarlle o traballo feito ao ORAL para que non se produzan situacións inxustas de ter que pagar por terreos que na realizade, e como consecuencia de que nas NNSS estean definidas como núcleo rural, en realidade non van a ter nunca a condición de urbanizables, pois hai que bonificalas ou buscar a maneira de que se pague o mínimo por esas parcelas”*. Iso o dicía a anterior Concelleira de área refrendado polo restos dos compañeiros de Movemento Salceda. O mesmo dicía a anterior Alcaldesa, Verónica Touron, *“a pesar de ter informes negativos este equipo de goberno ten a intención de axudar a veciñanza aprobando estas bonificacións e esta exención”*, a exención se refería aos recibos de menos de 7€ que quedaban exentos, por iso polo que se dixo fai dous anos agora polo que se ve a situación cambiou, remítome ao representante do BNG, vostede sabía isto que acabo de ler? Creo que están vostedes nas antípodas iso o dicía o ex-alcalde Marcos Besada, en conclusión pido que reflexionen e que se poñan do lado dos veciños apoiando estas bonificacións.

Sra. Alcaldesa: Dicit que na Comisión informativa do luns o PP votou a favor deste punto, Movemento Salceda e BNG en contra e PSOE se abstivo, para que todos os veciños e veciñas saiban cal foi o ditame da Comisión cuxo ditame foi desfavorable, ademais diso os informes, como dicía Joaquín, tanto de intervención como de tesourería son desfavorables, esquecéuselle dicir unha frase que creo que é importante, eses informes advirten de que non está acreditado no expediente que a proposta de bonificación que propón o PP teña respaldo legal, igual falando de legalidades non acaban de entendela vostedes suficientemente ben.

Sr. Rodríguez Canosa: O PP presenta unha proposta de bonificacións, na oposición todo é moi bonito e xa veremos no seguinte punto, é moi bonito proclamar o ceo que vamos a baixar igual que o fixeron en campaña, igual que non souberon responder en campaña cando a veciñanza lle preguntou canto ían a baixar, é moi fácil prometer estando na oposición pero hai que xestionar.

Dende Movemento Salceda defendemos as bonificacións, claro que as defendemos, as bonificacións xustas e as que se teñan que dar tanto no IBI como noutras taxas e noutros impostos, pero temos que ter claro que as bonificacións non poden ser a norma de ningunha ordenanza, non podemos bonificar todo porque entón non ten sentido, a bonificación é unha excepción e así o é en todas as ordenanzas, en todas leis e así o é en todas as ordenanzas de todos os Concellos incluso os que o goberna o PP tamén. Xa o dixo vostede o Goberno da lexislatura pasada foi o Goberno que



aplicou as maiores bonificacións da historia deste Concello, si, as maiores bonificacións da historia deste Concello como ben dixeches, entre as bonificacións de todas estas parcelas 8.000 e as exencións dos importes dos recibos de menos de 7€ suman un total de 50.000€, 50.000€ que o Concello deixa de cobrarlle a veciñanza, e si, daquela había informes desfavorables pero tamén me resulta curioso que hoxe non lle importa que haxa un informe desfavorable, apuntareino para as seguintes sesións plenarias ou para os seguintes puntos cando vostede faga alusión aos informes. Como lle digo 50.000€ de bonificacións que aprobou o pasado goberno nas maiores bonificacións da historia de Salceda ademais de que a Ordenanza do IBI de Salceda xa conta con outras bonificacións. Entendo que xa as sabedes, bonificacións para familias numerosas un 40% para categoría xeral e un 50% para categoría especial, ata un 95% de bonificación do IBI para o establecemento dunha actividade empresarial, económica que xere postos de traballo no noso Concello, as bonificacións das que estamos falando para as parcelas con coeficiente corrector “G” e/ou “H” dun 95% ademais das exencións dos recibos de menos de 7€ do IBI. Como vos dicía as bonificacións non poden ser a norma senón teñen que ser a excepción e neste caso non podemos establecer unha bonificación para todas as vivendas de Salceda das parroquias que é o que vos pretendedes, unha bonificación dun 10% para todas as vivendas, a veces incluso falades de que hai vivendas que non teñen servizo, as vivendas que teñen servizos que son a maioría do rural que teñen todos os servizos porque hai que bonificalas? Cal é o argumento? Non acabo de entender o argumento desta bonificación. E si, o informe de tesourería e de intervención di o que di, xa o leu a Sra. Alcadesa que non se atopa amparo legal pero si non lles importa pois non pasa nada. Insisto, seguiremos apostando polas bonificacións, seguiremos establecendo bonificacións cando creamos que sexan xustas, bonificacións que beneficien a familias que máis o precisan pero non bonificacións para todos, para os que menos teñen e para os que máis teñen, non as bonificacións teñen que ser para as persoas que así o precisan e sempre cumprindo con unha mínima base legal.

Sra. Touron Domínguez: Vou ser breve, entre outras cousas por este pleno xa é recorrente, é dicir, o Partido Popular lee un acta de fai dous anos ou lee unhas intervencións feitas de hai dous anos pero si que se esqueceu de ler as actas dos plenos recorrentes que trae sobre os mesmo tema e que se non recordo mal son tres por ano, que son o máximo que pode pedir un Grupo municipal en plenos extraordinarios e senón lembro mal no 2022 xa se celebraron eses tres plenos e no 2021 creo que por aí. Eu lle pediría ao Partido Popular que lese tamén as actas dese pleno, sobre todo por sabería cal é a postura do PSOE, porque vai seguir sendo a mesma, seguimos na mesma liña que cando formabamos goberno pero tamén agora que non o formamos e dixemos neses plenos xa nas anteriores veces que se realizou un esforzo de bonificacións no ano 2021 a pesar, como di o Partido Popular, de non estar respaldado por informes favorables, consideramos naquel momento que era necesario facer esas bonificacións, entre outras cousas, porque o procedemento simplificado do IBI levaba a facer un esforzo excepcional aos veciños, a veciñanza polo tema, sobre todo dos atrasos e a retroactividade dos tres anos que marca a Lei,



consideramos naquel momento, a pesar dos informes desfavorables, facer esas bonificacións para aliviar os bolsillos da veciñanza nese procedemento simplificado. Xa de aquela advertimos que era imposible facer bonificacións xeneralizadas, coñecen a lei os compañeiros do Partido Popular, unha Ordenanza é unha Ordenanza e as bonificacións teñen que ser excepción e non a xeneralidade de calquera ordenanza. Dixemos tamén naquel momento que era moi complexo darlle encaixe a esas bonificacións e que era moi complicado concretamente algunhas destas, ten a proba porque efectivamente eu tamén estou de acordo en que seguramente haxa máis fincas que cero nese apartado e máis que trece nese apartado pero é difícil darlle ese encaixe, é complexo, efectivamente por iso, porque non todas as fincas están en catastro como deberían estar. Todos e todas sabemos que cada persoa vai facendo o que pode dentro de dar en Catastro os datos ben todo o día e reciprocamente que o Catastro tamén responda a eses cambios e telo ben que tamén é un problema que existe e que somos todos coñecedores del, co cal, xa lle dixemos naquel momento que era moi difícil darlle ese encaixe nos diferentes organismos implicados que tiñan nunha complexa aplicación no día a día. É verdade que a todos nos gustaría sobre todo como representantes de partidos políticos dicir que vamos baixar os impostos a todo o mundo e que vamos facer bonificacións para todos e todas, pero despois a verdade é que o populismo na rúa queda moi ben, na oposición, que non é o noso caso, tamén é moi fácil pero a realidade é outra e eu o que lle pido aos compañeiros do Partido Popular é coherencia e responsabilidade.

Por outra banda, os membros desta Corporación sabemos que hai un plan de axuste, un plan de axuste que se asinou fai uns meses, que asinei eu efectivamente sendo Alcadesa porque consideraba que era necesario e a día de hoxe sigo dicindo que é necesario, agora tamén é necesario ser realistas, menos populistas e intentar aplicalo. Hai que ser coherente co que se fai, eu asinei ese plan de axuste era necesario e estabamos de acordo todas as persoas que formabamos parte do Goberno e agora seríame moi sinxelo vir aquí como oposición e dicir o contrario pero iso non é responsable nin é coherente. Lembrar ademais que esta proposta non ten o respaldo legal, non a tiña a outra e fixemos o esforzo para que os bolsillos con ese procedemento simplificado e ter que pagar tres anos de atrasos se miraran respaldados polas bonificacións. Este pleno é recorrente, este pleno das bonificacións xa se ten celebrado, este pleno sobre o IBI recordo que sendo Alcadesa o Partido Popular pediu xa varios plenos sobre isto, creo que batemos récord nos últimos anos en celebrar plenos extraordinarios e cobralos tamén, e en canto a que sexan de oficio nós estamos de acordo en que no momento se poida facer se faga o antes posible agora por suposto no resto ao igual que nos outros plenos non estamos de acordo.

Sr. Guerra García: Agradezo a estima en público que mostra o Sr. Núñez Troncoso dirixiu toda a súa intervención cara a min, non sei si pretenderá ficharme, por aí perda toda a esperanza. Permítame copiar o que dicía a Sra. Tourón fai un momentíño pero dando máis datos, no 2021 o tema do IBI apareceu en once plenos desta Corporación e vou dar as datas, pleno ordinario do 25 de febreiro, pleno extraordinario do 15 abril, pleno extraordinario do 3 de xuño, pleno extraordinario 14



de xuño, ordinario 24 xuño, ordinario 26 de agosto, extraordinario o 20 de setembro, o 5 de outubro, extraordinario o 28 de outubro e o ordinario o 23 de decembro do 2021. En todos estes plenos o Partido Popular sacou o tema do IBI, nós esperamos que no decurso deste mandato municipal o Partido Popular teña máis cousas que traer, vaíamos ser optimistas nese sentido. O Partido Popular demostrou que estaba contento co proceso catastral de revisión simplificada, vou ler unha intervención do Sr. Primitivo González Souto, Concelleiro do Partido Popular no pleno do 15 de abril de 2021, a intervención di: *comentar dous puntos, a nós gustaríanos votar a favor dos orzamentos (era o pleno onde se aprobaban os orzamentos definitivamente) pero sempre poñen o foco na oposición como culpable e eu quería dicir que a nós non se nos chamou en ningún momento para axudar a aportar ideas para o orzamento, nunca nada ningunha reunión queixase de que plantexamos alegacións, home se nos presentan un orzamento que se vai traer a pleno e non participamos para nada que pretenden que fagamos nós, se nós non participamos na elaboración dos orzamentos e normal que cando nos presenten o documento haxa cousas coas que non estamos de acordo pero é lícito non somos tan malos como nos queren pintar e máis votaremos en contra porque sexamos realistas, vai ter que haber unha modificación orzamentaria, quero dicir, este orzamento xa non é viable, vamos a aprobalo agora pero coas medidas que puxo no pleno extraordinaria solicitado o 25 de marzo de modificar o pago da retroactividade do IBI o que vai pasar é que este orzamento vai haber que modificalo xa polo tanto nós estabamos a favor en principio de contar con ese ingreso de 800.000€".* Isto figura na acta do 15 de abril de 2021 se o señor Santiago non ten copia eu pódalla pasar e son as declaracións do Sr. Primitivo González Souto, creo que falaba honestamente, quere dicir que o Partido Popular efectivamente estaba de acordo co proceso catastral, sempre se lle esqueceu dicir que era en base a unha lei do amigo Montoro do 2004, estaba contento pero cando se empezou a xente a remexer no Concello, porque empezaron a chegar as cartas, o Partido Popular mirou que o río baixaba revoltado e empezou a falar a partir de ese momento de bonificacións nunca falou, porque nas distintas actas que temos lido e limos moitas actas, o Partido Popular pediu ao goberno local naquel momento que pida a Catastro que retrase dous anos o proceso, pero nunca pediu o Partido Popular que eliminasen, que deixasen de facer o proceso. Nós si non apoiamos as bonificacións é porque as bonificacións son inherentes a concordancia co proceso, non estamos a favor das bonificacións porque non estamos a favor do proceso por iso mantemos un litixio que esperamos ter resultados o antes posible.

A xustificación de pedir bonificacións ven por aí pero é que vostedes aínda non son conscientes do efecto das bonificacións que se aprobaron no 2021, aquí nesta sala e volve dicir, primeiro non corruxaron en ningún momento e en ningún caso as graves inxustizas fiscais que hai polo menos na zona urbana, porque seguimos dicindo hai rúas aquí onde un piso cos mesmos metros e outro dous números máis arriba na mesma rúa cos mesmos metros e pagando o triple, iso pasa aquí, pero hai máis, cando aprobaron a redución do 0,5 ao 0,4 da taxa do IBI esquecéronse dicirle a xente das parroquias de que a zona da Esfarrapada, a zona urbana, pasaba nese momento que non tivera afección ningunha polo proceso de revisión simplificada pasaba nese



momento a pagar a contribución máis ou menos como o ano 2017 e os das parroquias tiñamos que conformarnos que despois dun golpe, en moitos casos andou entre o 90% e o 300%, resulta que logo nos baixaban o 20% e tiñamos que estar contentos e agradecer os acordos que aquí se tomaron.

Indudablemente nós non estabamos conformes, non estabamos conformes nin co proceso nin coas bonificacións, porque as bonificacións serviron simplemente, e aí están os informes de tesourería e intervención, para que a partir do 2022 o que pagabamos de máis nas parroquias era o que pagan de menos na Esfarrapada, na zona urbana, porque a baixar o tipo para todo o mundo quen saíu exclusivamente beneficiado foi a zona urbana deste municipio, e agora coas bonificacións atopámonos con outra cousa, algo recente, na Esfarrapada hai prazas de garaxe que non están pagando o IBI, sabe porqué Sr. Troncoso? Porque co acordo de deixar sen efecto os recibos de menos de 7€ e a falta de revisión dos valores catastrais que arrastramos dende case fai 37 anos, resulta que na Esfarrapada hai prazas de garaxe que o seu recibo é menos de 7€ e non o pagan, en cambio esquecese vostede de ese dato porque non o coñecen, non saben as consecuencias do que aprobaron no seu momento e mentres tanto nas aldeas os terreos, que como di vostede non valen para nada, van seguir pagando. Esa é a realidade das bonificacións que aquí se aprobaron, en todo caso, dos grupos que estaban naquel momento porque crían uns o defendían e outros coa boca grande dicían que non estaban de acordo e coa boca pequena pola parte de atrás dicíanlle a xente que non se meteran na plataforma para reclamar porque non había nada que facer, e iso era a xente do Partido Popular. En todo caso nós, dixémolo na Comisión, apostamos por un modelo de bonificacións dependendo de certas circunstancias a partir de unha situación que é, queremos que se faga un relatorio de valores porque o que hai neste momento é do ano 1987, empezouse a aplicar no ano 1989, imos camiño de 37 anos con ese relatorio de valores cando a Lei do 2004 do Catastro di que o relatorio de valores hai que actualizalo cada dez anos, imos camiño de 40 anos sen revisar os valores, así están as cousas como están e así a prexudicada é a xente a que se lle pegou o golpe na carteira no ano 2021, cousa que vostedes estaban de acordo porque vostedes crían que aquela situación o que ía facer era desgastar ao goberno que había naquel momento e seguramente vostedes ían a ter a posibilidade, tal vez, de ter unha maioría que lles permitira gobernar nun futuro, eses eran os seus cálculos e esqueceronse de ver os cálculos negativos que ía ter a repercusión das bonificacións e aí o teñen, e se queren datos llos mostramos.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Salustiano vostede nos achaca a nós certas cousas, nós non somos goberno nin eramos goberno, di vostede que houbo once plenos que se faloron do IBI esqueceuse vostede un dos máis importantes, o 5 de agosto de 2021, saben de que era ese pleno? Ese pleno instou o Partido Popular a que o Goberno recorrera na vía xudicial o procedemento simplificado, onde estaban vostedes? Ese pleno se celebrou a proposta deste Grupo, onde estaban vostedes? Fala vostede da Lei Montoro do 2004 pasaron 19 anos, do 2004 ao 2023 xa se poido modificar antes, vostedes apoiaron un Goberno socialista porque non modificaron esa Lei si tal mal estaba? Vostede ao final non quere aplicar as bonificacións das parroquias, claro que



pode haber casos puntuais como di vostede prazas de garaxe pero cantas parcelas que non valen para obrar e pagan menos de sete euros, unha vez que se apliquen as bonificacións, quedan fora de pagar? Si vostede fai a comparativa coas prazas de garaxe seguramente é máis a favor das parcelas que lle estou dicindo, haberá prazas de garaxe non lle digo que non, pero non é comparable coas parcelas que pagan menos de 7€ unha vez aplicadas as bonificacións. As bonificacións de menos de 7€ a teñen moitos Concellos non só nós, a bonificación do 10% aos núcleos rurais nas parroquias o Concello veciño o ten aplicado dende o 2013.

Relatorio de valores entendo que quererá dicir revisión catastral, xa llo dixen antes, haberá que primeiro facer un Plan Xeral, as NNSS son de 1997, vostedes estiveron no goberno cinco anos, BNG-PSOE, non adscritos PSOE, aquí houbo un popurrí de todo pero o feito é que ata hoxe despois de 16 anos aínda non viu un Plan Xeral que fora aprobado pola maioría da Corporación si viu un, partidista, os demais grupos non contabamos, senón Sra. Alcaldesa pregúntelle a súa ex-socia de goberno, Verónica Tourón, seguramente lle poderá dicir porqué votou en contra de ese plan xeral.

Dicía Verónica, que non ten encaixe legal e fixeron un esforzo, pero si é o mesmo informe o de fai dous anos que o de agora, o informe da Deputación, Oral, este informe non corresponde ao noso Concello é un informe do 2021 que o incorporaron de novo ao Pleno, é un informe que non corresponde ao noso Concello porque é de unha ponencia do ano 1994 en adiante que non é a nosa, este informe non vai con nós pero sen embargo o incorporaron ao expediente para encher, para facer bulto.

En canto aos plenos extraordinarios o Sr. Salustiano dixo que eran once quedoulle un atrás, pero si se fala once veces e fai falta máis, máis se falará con tal de favorecer aos veciños que é polo que estamos aquí. Vostede polo que se ve non ten interese en favorecer aos veciños, alá vostede coa súa conciencia. Sr. Alejandro esas propostas, esas bonificación que están agora mesmo na Ordenanza as propuxo todas o Partido Popular, todas, os das familias numerosas as propuxo este grupo, os das bonificacións das parcelas, si vostede ve todo o expediente, as iniciou este grupo. O de fraccionar os recibos que non o dixo vostede nin o PSOE, no orzamento do 2021 había un incremento de 800.000€ de liquidacións de atrasos que xa o contemplaba o Goberno municipal, iso estaba no orzamento, un incremento na recadación do IBI de 800.000€ pero que contemplaban cobrar todos os atrasos o mesmo 2021, e o do fraccionamento o propuxemos nós que non veñan agora Movemento Salceda e o PSOE a que o aprobaron eles, o aprobaron eles non, o aprobou a Corporación unanimente.

Sr. Rodríguez Canosa: Noraboa Joaquín porque o que fixeron dende a oposición foi todo gracias a vostedes, evidentemente ben lembro como vostedes querían que impugnáramos o proceso, xa vemos que precorrido das impugnacións do proceso noutros Concellos e no de Salceda tamén, xa vemos o precorrido que tivo, un brinde ao sol moito populismo barato dende a oposición pero de verdade, Joaquín, hai que xestionar e non podemos ir aos veciños dicíndolles que lle vamos a baixar os



impostos cando sabemos que non é verdade.

En canto ao de facelo de oficio, xa o explicou a miña compañeira Lucía no seu día e expliqueino na Comisión e vou a explicalo aquí, si que estamos de acordo en facelo de oficio pero creemos que aínda non é momento porque aínda hai moitos expedientes e todo o mundo sabe moitos expedientes sen resolver, creemos que o ideal é que se resolvan a maior parte dos expedientes e unha vez que estean resoltos incluír estas bonificacións de oficio.

Respecto á ponencia de valores actualización dos valores, claro que temos uns valores atrasados precisamente por iso o Ministerio de oficio fixo esta valoración catastral, nós non estamos en desacordo en iniciar unha ponencia de valores terá que ser un acordo, evidentemente, como todos de Corporación e teremos que saber, evidentemente, as consecuencias de facer esta ponencia de valores- Evidentemente a forma máis xusta para todos sería, como ben dixo Joaquín, con un Plan Xeral aprobado como por exemplo o que Movemento Salceda presentou ante este pleno e que o Partido Popular votou en contra e que hoxe en día teríamos un Plan aprobado con espazo para equipamentos deportivos, espazos educativos para que a Xunta puidese facer un colexio novo, ect... Terreos que hoxe en día por desgracia non temos. Extráñame esa especie de odio cara a veciñanza da Esfarrapada que se dixo aquí en algunha intervención, non entendo ese odio que lle ten un sector a xente da Esfarrapada non sei porque iso, dende Movemento Salceda a verdade é que gústanos a xente das parroquias ademais Loli é de Soutelo, eu teño propiedades e familia en Entenza, Selene en Parderrubias e Marcos en Sta. María, somos xente de parroquia e xente de centro ademais, non temos odio nin envexas a ningunha xente.

Sra. Tourón Domínguez: Insisto no que dixen na primeira intervención un pleno recorrente, o compañeiro do BNG dixo ata o número, nun ano, non atopamos o pleno do 5 de agosto, non digo que non se celebrara, non o lembro pero o que si lembro é ao Partido Popular pedindo unha moratoria de dous anos ao igual que o fixera o Partido Popular en Mos, é dicir, dando por feito que o procedemento simplificado se tiña que aplicar e que non se podía retirar senón que pedían unha moratoria de dous anos na que este pleno eu mesma lle dixen que non era posible, que iso non era legal e que non o ían a conceder e que despois o Partido Popular recuou unha vez que no Concello de Mos lle dixeron que non a esa moratoria, iso si que lembro. O que non lembro é o da retirada do procedemento simplificado pero si o da moratoria, co cal para min xa di que vostedes estaban de acordo e que sabían que non se podía retirar que non era cuestión do Concello facelo, non era cuestión de aplicar unha Lei como lle recordou o compañeiro do BNG aprobou o Partido Popular. Volvemos ao mesmo, ás incoherencias do Partido Popular, na primeira intervención o Partido Popular dixo cando o compañeiro do BNG lle dixo que vostedes estaban na Corporación, vostede dixo que non eran responsables do que se facía porque non estaban no goberno pero agora si, na segunda intervención o compañeiro do Partido Popular xa di que el era o responsable de haber aprobado as bonificacións entón que se aclaren, porque nunha intervención vostede di que se aprobaron as bonificacións porque o fixo o Partido



Popular e porque as propuxo o Partido Popular e porque todo o traballo o fixo o Partido Popular, pero na intervención anterior vostede dixo que non tiña nada que ver con iso porque non estaban no goberno. Por un lado non se fan responsables do que se acordan nos plenos porque o Partido Popular non esta no goberno e por outro cando se acordan as bonificacións entón din que foron a instancia do Partido Popular. Eu pediríalle ao Partido Popular que deixasen os populismo e se dediquen a facer política na realidade e nos traia algo máis co que leva facendo nos últimos anos.

Sr. Guerra García: Sr. Núñez Troncoso sabemos dos 800.000€ porque o señor Primitivo compañeiro do Partido Popular xa o está dicindo nesta acta, que o Partido Popular estaba de acordo cos 800.000€ e que como se acaba de aprobar dirixirse a catastro para fraccionar os atrasos dos anos anteriores efectivamente estaba dicindo que o orzamento que se ía a aprobar había que modificalo porque os 800.000€ non ían entrar no ano 2021, claro que o sabemos e vostedes tamén, si o señor Primitivo foi honesto falando do tema, o Partido Popular contaba con eses cartos só que mirou logo como se remexía o río. En todo caso nós en ningún momento dixemos que vostedes foran parte do Goberno, pero como vostede ben di, parte ou todas das propostas que se aprobaron aquí respecto das bonificacións foron pola súa banda e vostedes moi contentos pero non mediron as consecuencia e senón mire os informes de cando se aprobou a rebaixa do tipo do 0,5 ao 0,4%, os informes técnicos e vai ver como di que o que se vai deixar de recadar por esa vía equivale ao que as parroquias co proceso simplificado van pagar o que se baixa na zona urbana. Non lle temos odio a ninguén, señor Rodríguez Canosa, por pedir xustiza fiscal resulta que temos odio a alguén? Ao mellor as súas palabras son as que sementan determinados comportamentos ou pensamentos en algunha xente. Haber si somos un pouco comedidos coas palabras, estamos falando de impostos e estamos falando de xustiza fiscal e non é xusto que despois do golpe que levaron as parroquias se aproba aquí unha rebaixa do tipo e afecta a todo o municipio. A zona urbana de Salceda pasa a pagar os recibos no 2021 como se foxen no 2017 e os das parroquias temos que estar agradecidos por pagar o que deixan de pagar eles parece ser que iso é o resultado final de todo isto, e é o que o Partido Popular non acaba de entender, non corruxiron nada, coas súas propostas, da inxustiza fiscal que hai aquí e é o que nós queremos tratar e por iso o outro día na Comisión dixemos que nós estábamos dispostos a ir a polo relatorio. O relatorio é en castelán unha ponencia señor Núñez Troncoso, o relatorio de valores hai que actualizalo é o único xeito de acabar cos datos que acabo de dar que son reais. Na mesma rúa o mesmo piso dous números diferentes de casa e se paga nuns 50 e noutros 146€ ou que prazas de aparcamento non paguen IBI por esas bonificacións que vostedes aprobaron e das que vostedes se fachandean tanto aínda por enriba, creo que non mediron as consecuencias. En todo caso un Plan Xeral vai efectivamente para uns anos, a ponencia de valores non ten nada que ver co Plan Xeral, un relatorio pódese actualizar pola vía rápida seguramente en bastante menos de un ano e cando vostedes fan a proposta que fan neste pleno de bonificación que é unha copia dun acordo que hai no Concello de Salvaterra. Vostedes achantan, esconden algo e é que o Concello de Salvaterra o relatorio seu de valores catastrais está actualizado no ano 2015 e o anterior que tiñan é do ano 1987 igual co de



Salceda, simplemente en Salceda non se actualizou ese relatorio e en Salvaterra si e a partir de aí estableceron bonificacións que consideraron oportunas. Nós vamos a propor no seu momento ir a actualizar o relatorio de valores e nese momento vamos a haber si contamos co apoio do Partido Popular, co voto favorable do Partido Popular tal e como o outro día na Comisión recoñeceron que estaban de acordo en actualizar o relatorio de valores, vai ser o documentos máis alá do Plan Xeral que é moito máis complexo e ten outras connotacións, o relatorio de valores é o documento que pode equilibrar a xustiza fiscal neste Concello neste momento non a hai.

Sr. Núñez Troncoso: É o procedemento de revisión colectiva xeral, señor Salustiano, o relatorio que vostede di é a ponencia, a ponencia vai conxuntamente co que é o procedemento de revisión colectiva xeral. Inxustiza fiscal, nós sempre dixemos que o IBI e para min é un imposto inxusto en xeral porqué? Porque paga todos a mesma tributación o que ten unha casa como o que ten vinte polo tanto non é un imposto progresivo que é o que debería ser, claro que é inxusto pero está así regulado e mentres os gobernos centrais non modifiquen a norma pois así seguirá.

Sra. Verónica, si vostede lee todas a acta que dicía Salustiano incluído a do 5 de agosto onde nos instamos a que o Goberno de Salceda que é o único lexitimado para poder recorrer xunto cos afectados a vía xudicial, todas as demais medidas incluídas as bonificacións partiron de este grupo todas incluído as do fraccionamento dos atrasos de 800.000€. Por certo Sra. Verónica, nós instamos a que vostede sendo goberno presentaran alegacións ao inicio do procedemento que había quince días de prazo, vostedes o sabían, estaba de Alcaldesa a Sra. Dolores Castiñeira, e non presentaron alegacións que as ían a desestimar ou non, non o sei pero alegacións non as presentaron. Populismo tanto para Movemento Salceda como PSOE, populismo é estar todo o día na calle quitando fotos a cargo do erario público ese é populismo, populismo é pagar 1.500€ ao mes por vídeos propagandísticos ese é populismo, populismo é alardear de feitos nos que vostedes non participaron nin o Concello aporta nin un duro iso é populismo si vostede nos chama a nós populistas por instar a que se aproben medidas que favoreza aos veciños ben vido sexa.

Sr. Guerra Domínguez: Doulle a razón ao Sr. Joaquín en canto que o 5 de agosto houbo un pleno, simplemente non está colgado na páxina do Concello acta. Para o Partido Popular ningún imposto é xusto, non sei como se ía afrontar o gasto público se non existisen os impostos seguramente habería que buscar outros medios e ir recadando. En todo caso si a veciñanza quere servizos os impostos hai que pagalos. Que o IBI sexa un imposto mellor ou peor un día podemos ter un debate pero non se pode alegar por parte do Partido Popular que este non é un imposto progresivo porque o imposto progresivo e o da renda e o Partido Popular cada vez que fala do imposto da renda do IRPF e que se vota as mans a cabeza tanto de eliminar, si alguén é amigo de eliminar tramos, treitos dentro das escalas do IRPF sempre foi o Partido Popular non é nada novo.



Sra. Alcaldesa: Dicar que este punto foi exposto polos promotores, polo Partido Popular, incorporouse, como vos dicía ao principio, a esta sesión ordinaria e non se celebrou o pleno extraordinario decidimos fusionar os dos plenos. Dicía antes que a Comisión foi desfavorable contou cos votos a favor do Partido Popular, en contra de Movemento Salceda e BNG e o PSOE abstívose, tamén dicían que os informes de tesourería e intervención son desfavorables, ademais advirten que non teñen amparo legal pero creo que ao Partido Popular lle da un pouco igual que se cumpra ou no o Plan de axuste aprobado polo goberno anterior na lexislatura e supoño que o de haberlle pagado aos provedores que realizaron servizos e traballos para a veciñanza non debe ter demasiada importancia e tampouco que a consecuencia de non cumprir con un plan de axuste se teña efectos negativos orzamentariamente non debe ser relevante, que o Concello se poña en risco precisamente orzamentario na prestación de servizos que poida levar a diante para os veciños e veciñas pois tan pouco debe ser importante para o Partido Popular. Vamos a pasar a votación da proposta seguinte:

“NO LUGAR DE:

3.- Asemade, serán bonificadas as parcelas situadas nos núcleos rurais singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por dispoñer dun nivel de servizos inferior ao existente nas áreas consolidadas do municipio que, polas súas características económicas, son aquelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- 1) *Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m2.*
- 2) *Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.*

A bonificación consistirá nun 90 % que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, previo informe do Concello, e será solicitada anualmente antes do 1 de Janeiro do exercicio no que deba surtir efecto. Excepcionalmente no primeiro ano de aplicación o prazo de solicitude ampliase ata o 1 de marzo.

PROPONSE:

3.- Asemade, serán bonificadas as parcelas situadas nos núcleos rurais singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por dispoñer dun nivel de servizos inferior ao existente nas áreas consolidadas do municipio que, polas súas características económicas, son aquelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:



- 1) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "G" por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m2.
- 2) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "H" por inedificabilidade temporal.
- 3) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "B", lonxitude de fachada.
- 4) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "D", desmonte excesivo.

A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo de oficio.

Creación apartado 4

Ao amparo do previsto no artigo 74.1 do TRLRFL, aplicarase unha bonificación do 10% da cota íntegra do imposto a fav'Or dos bens inmobles urbanos situados en zonas do municipio que conforme o planeamento urbanístico, estean catalogadas como solo non urbanizable de núcleo rural. A presente bonificación aplicarase de oficio. "

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA REXEITADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP e **SETE** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e (1 BNG)

Expediente 2143/2023. Modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Neste terceiro punto vamos a volver a falar do IBI, seguro que vamos a repasar puntos que se faláron no anterior punto. Creo que todos os que estamos aquí, sexamos Concelleiros e Concelleiras novos ou que xa estabamos no anterior mandato, temos claro o que pasou o ano pasado cando o Ministerio de Facenda decidiu iniciar este proceso de modificación dos valores en diferentes Concellos, nese ano foi en Salceda, en Mos, no Porriño e en Bueu. Evidentemente sabemos que foi unha medida que afectou a moita veciñanza deste Concello sobre



todo por esas desfasadas Normas Subsidiarias do ano 1997. Xa o comentamos antes pero é bo remarcarlo e polo en antecedentes, dende o momento do coñecemento foron moitas as conversas que mantivo sobre todo a nosa compañeira Lucía Pereira, que era Concelleira de Facenda naquel momento, conversar con Catastro para coñecer o proceso. Dende o principio tiñamos claro que este proceso era irreversible, que non había forma e ao final o tempo viu a darnos a razón, porque está claro que eses procesos xudiciais non chegaron a ningunha parte e foron varias as medidas que puxemos en marcha dende o 2021 para axudar a veciñanza. Un proceso que nos parecía inxusto e nos sigue parecendo e diferentes medidas que se levaron a cabo, dous anos despois pódese dicir que foron mellores ou peores, haberá xente que terá a súa opinión, haberá xente que pensará que foron positivas e outra xente pensará que non foron positivas. Estas medidas foron establecer un punto de asesoramento formado por catro persoas que estiveron asesorando, axudando ás persoas a alegar, porque sabemos que estas comunicacións de catastro moitas veces veñen con erros, axudouse a toda a veciñanza que así o desexou e pasou polo Concello a que fixeran a súa reclamación e a explicarlle e darlle un pouco de luz a este proceso. Como ben dixemos antes, as bonificacións do 90% para case 8000 parcelas, a exención dos recibos de menos de 7€, a non cobranza de todos os atrasos ao mesmo tempo senón repartiño ao longo dos anos e a última medida que é a que vamos a debater agora, que foi a baixada do tipo impositivo do 0,50 ao 0,40 que é o mínimo legal. Naquel momento decidimos baixar o tipo impositivo do 0,50 ao mínimo que nos permite a Lei que é o 0,40, unha medida de contención que pensamos que era necesaria facer para axudar nese momento a veciñanza de Salceda.

Esas medidas tiveron un impacto económico entorno a 300.000€, é fácil velo cos informes de intervención e tesourería, 300.000€ que o Concello deixou de cobrar á veciñanza. Como ven dicía no 2021 decidiuse baixar o tipo por si entendíamos que era o momento de apoiar a veciñanza ante unha situación inxusta, pasaron dous anos e hoxe traemos aquí a regularización deste IBI. Volver ao tipo que estaba antes do 2021 que é o 0,50. Como curiosidade, antes falabamos das actas dos plenos do 2021, si nos vamos a un pleno de 2015 veremos como daquela o PP de Salceda estaba de acordo e cría que o tipo máis acaído para Salceda era do 0,50, curiosamente anos despois iso non vale, evidentemente hai que vender fumo e hai que buscar a forma de gañar catro votiños. Hoxe seguramente non pensan o mesmo e tamén algo que sole facerse e que é moi acaído e que nos da unha comparación como está o panorama. Antes falabades de Salvaterra, en Salvaterra o que se paga polas fincas dende o último proceso levase dende o 2015 pagando, no seu día non se quixo ver pero as comparacións a veces traen un pouco a realidade. Dos concellos da nosa contorna por exemplo, As Neves tipo impositivo 0,50; Tomiño tipo positivo 0,45, menos que Salceda pero con valores do ano 2009 non con valores do ano 1987 coma o Concello de Salceda todos sabemos que o valor do solo no 2009 era un pelin máis alto que no 1987. Salvaterra cunha ponencia de valores do 2004 e unha cota do 0,40. Crecente 0,50. Gondomar 0,52. Mos 0,40 pero que curiosamente o subirá proximamente ao 0,54. O Rosal 0,45 e curiosamente subiuno onte ao 0,58. A Garda 0,50 e curiosamente subiuno esta mañá ao 0,61. Como podeades ver moitos exemplos



de Concellos de diversa índole todos de un tamaño e peculiaridades similares a Salceda e gobernados por partidos de todas as cores e de todos os partidos e ademais non nos podemos esquecer outra das razóns necesarias é o cumprimento obrigatorio do plan de axuste aprobado o ano pasado por este pleno, aprobado por maioría absoluta de deste pleno. Nese plan de axuste estimábase en 275.000€ a subida deste IBI, a subida de ingresos como podeades ver no informe de tesourería vai ser de 236.000€, polo tanto xa cumprindo con esa medida do plan de axuste non estamos cumprindo co plan en si, polo tanto estamos falando tamén dunha cuestión de responsabilidade. Responsabilidade fiscal cos nosos veciños e coas nosas veciñas, porque que cada un pague polo que ten e o que máis ten pague máis e o que menos ten pague menos, tampouco me parece moi inxusto.

Lembro no 2021 cando o Concello de Mos decidiron impugnar este proceso de revisión catastral, o Concello de Porriño e o Concello de Bueu e o Concello de Salceda non o fixemos porque sabiamos que era irreversible e que non había forma, o Concello de Mos decidiu impugnalo e daquela para o PP de Salceda foi un exemplo, de feito neste pleno dixéstelo, no pleno do 5 de agosto iso é o que diciades, pedíasnós que impugnáramos con todos as formas que puidésemos este proceso como fixo Mos, pois hoxe dous anos despois, como ben dixen, o tempo danos a razón e nos demostra que esas impugnacións non tiveron efecto e que nos di ademais que o Concello de Mos vai a volver ao tipo anterior ao 2020 vai volver ao 0,54. Nós en Salceda non queremos ser tan optimistas nin tan recadadores creemos que o lóxico é o 0,50 e non coma outros Concellos que como podemos ver están en outras cifras. Aquí xa vemos o que faría o PP de Salceda si estivera no goberno, si tanto caso lle facían a Mos e para eles era un exemplo ao final non lles quedaría outra que situar o IBI nesas cifras que no 2015 lle parecían razoable, lle parecía acaída para o Concello de Salceda que era o 0,50 polo tanto espero, cumprindo coa coherencia, o seu voto a favor para equilibrar un pouquiño máis os ingresos cos gastos.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos con outra medida confiscatoria, o que pretende o goberno é como acaban de escoitar, incrementar o IBI un 25% para o ano 2024, é dicir, vamos a pasar de ter unha recadación do IBI dende o 2020 a anterior ao procedemento simplificando de 896.000€ vamos a pasar no 2024 a 1.374.000€, ou sexa, un incremento da recadación dun 53,3%, é dicir, 477.000€ que se van a recadar de máis con respecto ao 2020 e para poñerlle un exemplo, vostedes collen un recibo do ano 2017 que pagaba 323,60€ vai pasar a pagar no ano 2024, incluído o procedemento simplificado 417€, é dicir, 93,81€ máis a maiores, pero é que ademais o que está pasando neste Concello é que a recadación total de impostos e taxas pasa de 5.349.000€ do ano 2020 a 7.535.000€ no ano 2022, ou sexa, para o 2024 aínda será máis, un incremento dun 41%. Se nos di agora, un dos argumentos para xustificar para aplicar este incremento que é o plan de axuste, o plan de axuste aprobárono, Movemento Salceda e PSOE nun pleno no mes de marzo, porque tiñan que aprobar ese plan de axusta para que o Ministerio de Facenda lles dera os 2.100.000€ do préstamo, pero as medidas que se contemplan nese plan de axuste tanto en xerar máis ingresos como minorar gastos as propuxeron vostedes. Nin o



Ministerio de Facenda nin ningún outro organismo, puideron haber planteado outro plan de axuste distinto sen ter que tocarlle ao IBI, porqué non plantexaron rebaixar o custe total do goberno, que por aquel era o máis alto de Galicia tendo en conta o orzamento e tendo en conta a poboación? Esa partida era intocable, agora xa vai haber unha diferenza pois aí teñen unha parte do plan de axuste. O que é inaudito, xa o dixemos na Comisión, é que os pratos rotos os teñan que pagar sempre os veciños, o despilfarro, a incompetencia, o gasto innecesario sen ningún tipo de control. Lean os informes de intervención, os gastos dos políticos os teñan que pagar os veciños, xa está ben.

Sr. Salustiano, nos nunca dixemos que non se paguen impostos, impostos hai que pagar, o que hai que pagar é os xustos e aquí, no IBI, vostedes sabe perfectamente como sabemos todos que é inxusto en moitos casos porque se está pagando por parcelas que non valen para construír. Sr. Alejandro, dicía vostede do pleno de febreiro do ano 2021 hai unha frase famosa que se dixo naquel pleno “os valores catastrais non mudan” pois vaian se mudaron, e si era un proceso inxusto como vostede acaba de dicir, porqué votou en contra de que o Concello fora a vía xudicial contra este procedemento? Entón non diga que é un proceso inxusto porque si é un proceso inxusto terá que ir a vía xudicial, ou non? Lembre tamén que por aquel entón xa naquel pleno de febreiro presentamos unha moción que vostedes rexeitaron de baixar o tipo de 0,50 ao 0,40 e vostedes comtemplaron que estaban estudiando baixala dun 0,50 ao un 0,45, está recollido en acta, despois apoiaron a proposta deste grupo que a aprobamos todos. Falaba do 2015 que estabamos de acordo do 0,50 e de onde viñamos? Do 0,53, ou sexa non vamos a estar de acordo en baixar o tipo pero vostede que está dicindo?

Responsabilidade fiscal, non sei si se refería vostede ao que dixeran antes que na miña opinión o imposto é inxusto porque todos teñen o mesmo tipo e paga o mesmo un veciño que teña unha vivenda ou que teña 20, o tipo de tributación é o mesmo e vostede está dicindo que é inxusto que paguen máis o que máis teña. Volvo a insistir no tema onde pedíamos que fora o Concello a vía xudicial como xa dixeran antes, o Concello como administración afectada e os propios afectados son os únicos lexitimados para ir a vía xudicial, Salceda non foi porque vostedes non quixeron, os demais Concellos non sei si foron ou deixaron de ir, non me importa, nós somos Concelleiros de Salceda nos elixiron os veciños de Salceda o que fan os demais Concellos terán que dar as contas aos seus respectivos veciños, nós aos de Salceda si vostede quere ir para Tui, para o Rosal, para Salvaterra, para Mos, para Porriño pois vaia alá e preséntese alá pero aquí somos representantes dos veciños de Salceda e límitese a defender aos veciños de Salceda.

Sra. Tourón Domínguez: En canto ao tipo de impostos, imposto progresivo é o que se lle aumenta a porcentaxe segundo vaia aumentando a renda do suxeito pasivo, co cal este non é un imposto progresivo senón que é lineal. Non vou dar cifras porque as deu o Concelleiro de facenda e creo que vamos a ser repetitivos co punto tamén anterior, pero tampouco vou botar pelotas fora, o PSOE vai ser coherente e



responsable co que fixemos antes e despois e agora tamén neste momento e consideramos que hai dúas cuestións importantísimas que teñen que ver con este tema que tratamos agora e que hai que estudar conxuntamente, porque o que non podemos é poñer só esforzo na veciñanza cando se trata de arranxar situación. É certo que o plan de axuste levaba aparelado unha subida dos ingresos, vostede di que se podía facer noutros impostos a min gustárame saber en cales, alternativas reais, viables e economicamente que solucionen a situación, pero aínda dicindo isto unha subida dos ingresos que supón un esforzo da veciñanza, pero o plan de axuste tamén levaba consigo e parello un esforzo para a parte do goberno que era a redución de gasto e isto ten que vir as dúas medidas conxuntamente ao pleno. Non vale con traer só a subida do tipo impositivo e lanzar ese esforzo unicamente na veciñanza senón que para cumprir o plan de axuste que tanto a Alcaldesa fai un momento, como o Concelleiro de Facenda, dixo que había que cumprir, para cumprilo hai que facer e traer a redución do gasto tamén, co cal nós consideramos que para falar desta subida de impostos tamén hai que falar de suprimir gastos superfluos, e non falo de servizos públicos básicos, senón que falo de que hai importantes gastos que hai que reducir e facer e levar a cabo os servizos á veciñanza de maneira eficiente. Temos que mirar cada euro de diñeiro público que se gasta, e isto non significa que nós non sexamos coherentes co plan de axuste que firmamos, que asinamos o goberno anterior e eu mesmo asinei como Alcaldesa, senón todo o contrario, para cumprir ese plan de axuste hai que cumprir nas dúas partes, na subida de ingresos e na redución de gastos e iso é necesario que o tratemos conxuntamente e que cheguemos a acordos conxuntamente e que non depositemos só o esforzo na veciñanza que é un pouco o que se desprende da proposta que se trae a pleno neste momento, é dicir, solo facemos fincapé no cumprimento do plan de axuste para subir os ingresos pero non facemos fincapé para diminuír o gasto.

O PSOE instamos a que se traian os orzamentos e que se traían as medidas de aumento de ingresos e as medidas de diminución do gasto para cumprir así co plan de axuste. Todos sabemos que hai servizos que non se pode reducir o gasto pero tamén hai outros nos que si e niso. Ídesme permitir que lle diga ao PP que a Xunta ten que facerse responsable das súas competencias para que os Concellos teñamos máis liberdade e que se poida facer cargo das competencias que son locais, non se pode pedir de onde non hai, si a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias e co seus gasto e ten que facerlle fronte o Concello pois as contas tampouco dan, co cal para cumprir con ese plan de axuste e ser coherente co que asinei como Alcaldesa e co que apoio o grupo socialista no goberno o que pedimos é que se traían tamén as medidas de redución de gasto e iso é posible traendo uns orzamentos que cadren, uns orzamentos que fagan cumprir con ese plan de axuste que asinamos.

Sr. Guerra García: Nós dixemos na Comisión que calquera situación de modificación de fiscalidade debía vir acompañado, se non era cando menos dun proxecto de orzamentos cando menos debería traer datos actuais de como está a situación e datos previsto de cara ao 2024, porque é difícil facernos unha composición de toda a



situación cando diante faltan moitísimos datos que non temos, os datos que necesitamos. Sabemos que os ingresos son deficitarios, polo que parece, no último pleno xa tivemos ocasión de falar desta situación, pero é que a parte das medidas que o anterior goberno anunciou no seu plan de axuste, por suposto o anterior goberno no que nós non estabamos, nese plan de axuste falábase de ingresos e gastos, falábase de redución de gastos, de aforro pero nós queremos tamén saber a parte de medidas de aforro - redución de gasto, para nós son dúas cuestións diferentes. Estamos de acordo, polo que se anuncia, nese plan de led para o alumeadado fora da zona urbana que se vai por en marcha leva a unha importante redución da factura da electricidade. Como xa se dixo aquí era previsible a redución das retribucións do goberno que tamén vai axudar, pero fora dese menor gasto queremos discutir que partidas se van a eliminar do gasto, porque o pouco que tivemos diante a partir da documentación que no mes de agosto se nos pasou por aquelas modificacións de créditos, entendemos que hai gastos que hai que cuestionar dada a situación actual do Concello, hai que cuestionalas e non nos pode dar vergoña ningunha dicir que neste momento non podemos gastar nisto ou gastar noutro, non nos debe doer prendas.

Nós nos preguntamos cando no mes de marzo neste salón de plenos se debateu a proposta de solicitude préstamos ao Ministerio e se anunciaron unha medidas entre as cales está a que agora se trae a pleno, nós preguntámonos porqué non se aprobaron naquel momento as medidas que o goberno fixo públicas? Sería porque había unhas eleccións diante e era de mal gusto meter unha subida da contribución a mes e pico das eleccións? Si aceptáramos isto os grandes prexudicados serían de novo todas as persoas das parroquias, e o digo claramente porqué? Porque de pasar ao 0,5 a zona urbana de Salceda volvería pagar neste ano 2024 o recibo como no ano 2021 sen subida ningunha, simplemente reporíase o tipo e os das parroquias que tivo ese alivio do 20% de despois de levar o golpe que levou, volvería a ter o pau completo. Ademais a proposta que trae o goberno non corrixe o que para nós é o máis importante, e xa non falamos do proceso de revisión catastral, falamos das inxustizas fiscais que temos posto aquí enriba da mesa, ir polo camiño máis curto a veces non é cando máis rápido se chega, o atallo a veces non é o camiño máis directo para chegar a un sitio, e subir o IBI do 0,40 ao 0,50 a xente máis prexudicada volve a ser a xente das parroquias e polo suposto aí non se ía alterar para nada o efecto das bonificacións que seguירamos tendo como acabamos de falar no punto anterior, prazas de garaxe na Esparrada que non pagarían IBI mentres que terreos que non teñen valor urbano nas parroquias se lle engadería esta nova subida. Nós dicimos que hai que poñerse de fronte co relatorio de valores, é o único que pode corrixir as grandes diferencias que hai, sobre todo na zona urbana porque é onde máis se dá, e nós o que lle pedimos ao goberno é que retire este punto, que se convoque unha xunta de portavoces para a semana que ven e que nós poñamos de acordo en falar con catastro, incluso a posibilidade de ter unha reunión técnica con esta empresa que é colaboradora de catastro, Laya, para ver tecnicamente cando pode demorar en facerse un proceso de revisión de valores, un novo relatorio de valores, é o camiño. Podo chegar a entender que o Concelleiro de Facenda tome posesión do cargo e vexa



a difícil situación na que está, eu podo entendela, o que non podo entender é que se pretenda ir polo camiño de novo de subir a contribución sen explorar outras vías que ademais axudarían, como xa dixen, a corrixir inxustizas fiscais que estamos vendo, en todo caso nós esperamos que o Goberno, vendo que non ten maioría, acepte o reto de retirar o punto e de contar nunha xunta de portavoces inmediata para afrontar este tema por outra vía.

Sr. Rodríguez Canosa: Temos aquí unha nova mostra de manipulación exercida por parte do PP, precisamente eu dicía que no 2015 non estaba pero lera as acta que como se demostrou tiña eu razón e non a tiña vostedes, Joaquín, e voso exemplo din mentiras para diante e despois algunha colará. Non está de acordo en subir o IBI entendo que está de acordo en subir outros impostos, sería curioso que me dixera que impostos subiría, tamén sería curioso que me dixera, como ben dixo na Comisión, que hoxe traerían a alternativa do PP para estes 275.000€ que figuran no plan de axuste e que hai que aforrar, que servizos a veciñanza lle retirarían para acadar estes 275.000€, sabemos que son moito de falar e despois de actuar é complicado. O mesmo ao compañeiro do BNG que dixo que tamén ían expor exemplos para reducir eses 275.000€, gustaríame que mo dixeran e non continúen facendo esa política de ficción que tamén se lles da. Falar do PP respecto da xestión, aínda estamos pagando hoxe en día o pelotazo da Raiña Aragonta de cando vostede era Concelleiro de Facenda, é curioso. Coincido coa compañeira Verónica que hai que aumentar os ingresos e tamén hai que rebaixar os gastos, cousa que xa estaba facendo o goberno nestes catro meses que levamos de mandato, xa podedes comprobar que os gastos están sendo mínimos pero evidentemente a luz non podemos deixar de pagala, a limpeza dos edificios municipais non podemos deixar de pagala, os combustibles non podemos deixar de pagalos, evidentemente coñeces ben como vai a xestión diaria dun Concello. X para rematar, Tano, eu non tomo posesión e quero subir os impostos e me atopo con unha situación e tiro polo fácil que é subir o IBI, eu tomo posesión e doulle cumprimento, nun afán de responsabilidade, a un plan de axuste aprobado por este pleno, non te confundas. Hoxe estás facendo un exemplo de populismo de máis aí si que vos parece un pouco ao PP, porque curiosamente no anterior punto baixar o imposto a 0,40 vos parece inxusto e agora subir a 0,50 tamén vos parece inxusto, é un pouco curioso e incongruente. Dirasme que o relatorio de valores, un relatorio de valores sen un plan xeral tampouco é o máis acaído. Si que é curioso esa dobre interpretación, unha cousa inxusta baixar, subir tamén inxusto, supoño que todo é inxusto para vos mentres esteades na oposición.

Sr. Núñez Troncoso: O seu non ten desperdicio, Sr. Alejandro, só basta con mirar para a Sala e xa se dan de conta que non ten desperdicio, di vostede que imposto subiríamos? E cales baixariamos, tamén, e que gastos reduciríamos, a resposta tena fácil si deixaran gobernar a quen ganou as eleccións tería hoxe a resposta e senón plantexa un cambio de goberno, dimita e xa está, xa ten a solución. O que é incongruente é que un goberno de catro persoas contra o PP que somos seis e cos restos dos compañeiros que os deixaron tirados. Sra. Verónica, dicía vostede benvido



aos impostos progresivos, eu estou de acordo cos impostos progresivos, dixen que era a miña opinión persoal e estou de acordo, eu non sei o que pensa a PP en xeral, é vostede está de acordo co que pensa o seu partido en todo? Esfuerzo por parte do goberno no plan de axuste, se refería a rebaixar os salarios, o coste salarial ou se refería a outra cousa, porque ao coste salarial non lle tocaron e como dixen antes era o máis alto de Galicia tendo en conta o orzamento e tendo en conta a poboación. Eliminar gastos superfluos, vostede era Alcaldesa e seguía mantendo 95.000€ en publicidade e propaganda, e daba orde de pago de vídeos propagandísticos a 1.500€ mensuais, 18.000€ ao ano, agora nos ven con que hai que eliminar gastos superfluos, claro que os hai que eliminar pero tamén tivo a ocasión de eliminalos antes e puido facelo e non o fixo máis ben subimos. Lembre que acabou vostede o mandato con o recoñecemento extraxudicial máis alto da historia deste Concello.

Sr. Salustiano Guerra vostede vai dando bandazos ultimamente, confirma que a xente máis prexudicada son os das parroquias e sen embargo no punto anterior unha medida que ía favorecer aos veciños das parroquias vota en contra. Inxustiza fiscal e pagar por terreos que realmente non valen para poder construír neles e estar pagando por eles, iso tamén é unha inxustiza fiscal e hai máis pero esa é unha delas, e sen embargo vostede votou en contra. En resume, é un atraco as arcas dos veciños e sabendo e reitero o do plan de axuste que foron medidas que vostedes propuxeron non é que nada lles obrigue. Convenio con Catastro, vostedes saben cantas reunións houbo da Comisión de Seguimento nos últimos dez anos? Cero, nin unha acta, seguramente que hai correos corporativos, aquí se pediron que se trouxeran eses correos corporativos e se nos dixo que no, pero acta oficial de esa Comisión de seguimento, cero nos últimos dez anos.

Sra. Tourón Domínguez: E n resposta ao PP, efectivamente ao igual que vostede di que trouxen o recoñecemento extraxudicial de crédito máis grande, tamén fun responsable con esa situación e tiven a ocasión de firmar un plan de axuste de forma voluntaria comprometéndome a cumprir con ese plan de axuste, entre eles a redución do gasto, co cal cando se di unha cousa se diga completa porque esa é a coherencia do PSOE e a coherencia coa que tratei de estar no goberno e ser Alcaldesa no seu día. Tamén dicían porqué non se trouxeron as medidas de gasto concretas cando se firmou o plan de axuste, hai que dicir que esas medidas concretas tamén necesitaban un traballo técnico e o plan de axuste tiña uns prazos limitados para solicitar e facer toda a xestión e o que pedimos agora sendo coherentes con iso é que se traían todas esas medidas desenvoltas ou nun orzamento tanto de ingresos como de gasto para poder apoiar algo. Para cumprir o plan de axuste hai que, pode ser impopular, pero o Concello ten que subir ingresos e diminuír gastos aínda que soe moi impopular que un político diga que ten que subir os ingresos dun concello pero é que o plan de axuste reflexa unha subida de ingresos e diminución de gastos e iso hai que concretalo tecnicamente e cos informes correspondentes. Esa é a coherencia coa que actuei e coa que estamos actuando o grupo municipal, tanto no goberno como agora na posición, co cal esta medida non vai a ter o apoio do PSOE e non vai haber apoio de medidas de subidas de ingresos se non hai e non se traen a este pleno



medidas de redución de gasto que é o compromiso que adquirimos, eu como Alcadesa naquel momento e o Goberno Municipal ao completo que estamos de acordo.

Sr. Guerra García: O Sr. Núñez Troncoso non lle vou contestar aos números quen llos debería de dar é o Concelleiro de Facenda, porque acaba de dar uns número que non se sosteñen. Falar da recadación do 2022 sabendo que aí había centos de miles de euros de atrasos e comparalo, eu recomendaría que os revisase. Vostede si alguén non o apoia resulta que non é coherente, que lle gustaría que agora apoiásemos a medida do Goberno? Nós non nos comprometemos na campaña electoral a subir os impostos, senón a revisar o gastos, sobre todo, e se a partir de aí fora necesario unha subida de impostos teríamos que falala, primeiro queremos saber por onde hai que reducir os gastos e claro que lle digo algo ao Concelleiro de Facenda, Sr. Rodríguez Canosa, porque non empezamos polos gastos de suntuarios e de publicidade? Porqué non empezamos a poñer iso enriba da mesa? Por pór algo, por vir aquí a pretender subir a contribución e non falar das partidas das que pode prescindir este Concello do seu gasto e votarse a piscina sen auga, co cal nós non imos apoiar esa medida. Fixemos unha oferta de ir por outro camiño, a vostede non lle gusta, indudablemente ten todo o dereito de dicir non me convence, a min gustárame saber si ao resto dos grupos lles parece ben, porque o PP na Comisión dixo que lle parecía ben ir a revisar os valores catastrais e agora non ten manifestado nada. Gustaríanos saber si está nesa onda ou non, para ir aclarando aquí o que procede en canto a posición de cada quen, en todo caso, fálase dun plan de axuste, falado aquí, debatido no mes de marzo, porqué non se adoptaron as medidas que agora se propoñen aquí? As medidas que agora se traen aquí que se anunciaron publicamente a partir desa toma de acordo para acceder ao préstamo do Ministerio porqué non se tomaron as medidas en aquel momento? Non lle conviña ao Grupo de Goberno? Era o momento, hai un plan de axuste, comprometémonos a isto e inmediatamente no mesmo pleno aprobámolo, era o momento si consideraban que era o camiño a seguir, que non nos traían aos demais agora ese paquete e simplemente non queiran escoitar outras opinións que creemos que son de mellor camiño para andar, non só para toda a cidadanía senón incluso para o propio goberno.

Sr. Rodríguez Canosa: Empezo por Tano, falas dos 90.000€ famosos desa partida, vale reducimos esa partida, eliminamos esa partida que por certo é onde están incluídas as axudas a deportistas, quitamos a partida de 90.000€ e cómo chegamos aos 275.000€? Que por certo, na Comisión dixeches que datos serían ao igual que o PP, unha mostra máis de que na oposición todo é moi fácil falar, falar, xa vemos nos Concellos que falei antes, Concellos do BNG como ata fai pouco o das Neves tiña o 0,50, Concellos como o Rosal que sube ao 0,58, esa é a realidade Salustiano. A realidade é que na oposición un pode dicir o que queira, pode facer política ficción total evidentemente nunca ten que executalo polo tanto non hai problema, igual por iso está máis cómodo na oposición e non quixo formar parte do Goberno, aquí total na oposición podemos dicir o que queiramos, podemos dicir que baixar e inxusto, que subir é inxusto e non pasa nada. Respecto a Joaquín non hai nada máis que



engadir xa se encarga de retratar el só, e respecto a Verónica non entendo ben que datos queres que traíamos, creo que no plan de axuste están bastante claros, a subvención de IDAE xa se está tramitando e as partidas como as das subvencións como das traídas xa se reduciron, non sei realmente que máis queres que traíamos, foi curiosa esta petición, estamos dándolle cumprimento a un dos puntos do plan de axuste e en cambio nos dis que no.

Sr. Núñez Troncoso: Sra. Verónica creo que leccións de coherencia as xustas, un exemplo da súa coherencia é nomear a un Goberno, elixir a unha Alcaldesa con catro Concelleiros e poñerse ao marxe, contra seis, polo menos entrara no goberno, vostede pensa que un goberno con catro membros vai a conseguir máis, e máis na situación actual, para os veciños de Salceda? Sr. Salustino eu si que revisei os números eses números que dixen antes veñen da liquidación do 2020 e do 2022, son os números que están na liquidación, a do 2023 xa o veremos cando veña. Si vostede colle a liquidación, a recadación neta de taxas e impostos do 2020 e do 2022 verá que hai un incremento dun 53,3% que son 477.000€, iso saíu dos veciños fundamentalmente do IBI, pero vostede en vez de reducir para que paguen menos xa votou en contra no punto anterior e son casos sangrantes, casos bonificables. E

n canto a revisión dos valores catastrais, eu estou de acordo pero tamén lle digo, primeiro o Plan Xeral, a revisión vostede sabe perfectamente que a Lei do Catastro inmobiliario di que, a revisión se pode practicar de oficio ou a petición do Concello, esa petición leva unha redución durante 10 anos do 0,1, é dicir o primeiro ano se lle aplicaríase unha redución do 90%, o segundo un 80%, o terceiro un 70% e así sucesivamente ata a redución 0 a partir do 10 ano, iso é o que recolle a lei, nós estamos de acordo pero con eses pasos, vamos a facer unha revisión catastral incluíndo parcelas que non son edificables?

Sra. Alcaldesa: A relación entre Verónica e eu, que fai alusión tantas veces a ela, de verdade que me ten un tinte machista, non se tratará de que porque somos dúas mulleres porque nunca lle escoitei referirse o mesmo nin con Tano, nin con outros portavoces masculinos, non sei a que ven este comentario e creo é moi pouco afortunado facelo sempre de dúas mulleres, Joaquín, tampouco é que me sorprenda de vostede.

Sra. Tourón Domínguez: Non vou a entrar en ningún tema de debate persoal como se entrou nos seus días neste pleno ocupando a Alcaldía uns e outros en cuestión de onde vive un, onde vive outro, con quen casou ou con quen deixou de casar ou que as circunstancias ou as relacións persoais con un ou con outro, isto é política isto non é ningunha cuestión persoal e creo que non vale a pena nin sequera debatelo. Dito isto, eu si que lle diría ao goberno é que non siga utilizando o cinismo que é recorrinte ademais en todos os plenos que levamos tido nesta nova lexislatura, porque todos sabemos, os que estivemos naquel goberno e os que apoiamos ese plan de axuste que había cousas que discrepabamos, e vou poñer un exemplo, como por exemplo o gasto en educación que Movemento Salceda apoiaba e o PSOE no, co



cal houbo que facer un plan de axuste, hai que facer as medidas técnicas, si que é verdade que era imposible traer o desenvolvemento das Ordenanzas de redución de gasto nun prazo que se deu para facer o plan de axuste, pero tecnicamente hai que desenvolverlas, e o PSOE quere ser coherente coa traxectoria que fixo ata agora, plan axuste, incremento de ingresos e diminución de gastos, plantexemos encima da mesa tecnicamente todo e traíamos en conxunto o que non pode ser é dicir o Concelleiro de Facenda que está aquí é traendo a cumprir unha parte do plan de axuste, ao dos ingresos o esforzo da veciñanza e o esforzo do goberno ten que ir paralelo. Creo que non estou sendo incoherente absolutamente con nada, eu non digo que o Plan de axuste sexa marabilloso, había que facelo, e si é impopular estar debatendo pleno tras pleno iso, pero había que facelo e agora hai que cumprilo e cumprilo é por un lado e polo outro.

Sr. Guerra García: Creo que a xente que nos escoita ten que saber discernir entre o que é unha actualización de valores catastrais e un plan xeral, son dúas cousas totalmente diferentes, non é a primeira vez que se mesturan as dúas cousas como se fosen unha relacionada coa outra e de iso nada. O Concello de Salvaterra no 2015 puxeron a andar o novo relatorio de valores feito entre o 2013 e 2014 e non teñen Plan Xeral, non ten nada que ver revisar os valores para poñer a todo o mundo nas mesmas circunstancias que pague o mesmo, iso é unha cousas, e outra cousa é o Plan Xeral entra en outras cuestións que non teñen nada que ver moitas veces nin sequera cos valores catastrais, son cousas ben diferentes. O Sr. Rodríguez Canosa di que nos non achegamos nada en canto a solucións, eu non sabía os dos 90.000€ porque descoñecía esa cifra, porque descoñecemos algunhas cifras indudablemente, si hai 90.000€ de protocolo máis 70.000€ de menos de gasto de goberno xa estamos en 160.000€ quedanos pouco, así de simple, e si o plan led, ese que vai vir subvencionado pola Unión Europea se pon en marcha e se acaba canto antes seguro que nas cifras, polo menos as que se fixeron públicas por parte do goberno, seguro que acabamos o ano que ven 2024 neutralizándose, só con ese aforro, a posible subida do 0,4 ao 0,5 así de simple, o caso que eu creo que hai certas cousas que non se queren ver, alá a responsabilidade de cada quen, nós fixemos unha aposta si o goberno a quere tomar por suposto e os demais grupos queren implicarse, aquí estamos.

Sr. Rodríguez Canosa: Quería aclarar un dato que deu Verónica, dicía que Movemento Salceda estaba a favor de reducir o gasto en ensino, educación e que o PSOE non, si claro que si, cando gastas 200.000€ máis do que hai no orzamento e do gasto sen ningún tipo de control en educación que é unha competencia da Xunta, claro que Movemento está a favor de gastar en vez de 400.000€ 200.000€, non hai problema, e vamos a reiterar que estamos a favor dixo e senónxa veremos cando veña a Pleno o vindeiro REC as facturas que veñan a pleno e xa veremos que opina cada grupo municipal.

Sra. Alcadesa: Estamos ante un pleno, eu diría, transcendental, estámolo debatendo, un punto como este como os que vamos a debater a partir de agora, a



regularización do IBI, fundamental, como lembraredes todos e todas no proceso de revisión catastral que levou a diante, precisamente o Ministerio de Facenda do Goberno Central, iniciouse no 2020 todo o mundo sabe quen gobernaba no 2020 no Goberno Central. Entre as medidas para mitigar ese impacto na economía dos veciños adoptamos unha máis importantes, a baixa do IBI, do 0,50 ao 0,40 lembrar tamén que no plan de axuste asinado, como tamén dixo reiteradamente por Verónica Touron ela mesma no 2023, unha das medidas que ela aprobou e que todos aprobamos, os que formabamos parte do goberno era establecer o IBI ao 0,50, digo isto polo da coherencia. Sabemos que esta non é unha medida popular, efectivamente, a subida de impostos nunca o é pero tiñamos claro que tiñamos que volta a situación inicial de actualización de IBI para equilibrar gastos e ingresos.

Na Comisión informativa o voto foi en contra do PP, o BNG votou en contra tamén e o PSOE abstívose, nós, evidentemente, votamos a favor. Tanto o informe de intervención como de tesourería, neste caso, son favorable, son as técnicas as que nos están dicindo que esta medida é correcta, as que velan, non só polo cumprimento da lei senón pola estabilidade do Concello. O Plan de axuste de 2023 propón a actualización do tipo do IBI do 0,50, por certo o mesmo tipo de IBI que lle parecía xusto ao PP no 2015 cando solicitou a baixada do 0,53 ao 0,50 e foi aprobado polo PP e tamén polo PSOE, é curioso oito anos despois de ese 2015 o PP non lle parece ben o IBI do 0,50 pero debe ser que en Salceda non hai inflación, non hai IPC, non hai subida do custe da vida, en fin a gran coherencia que practica sempre Santi e o seu partido. Tamén é moi curioso o do BNG baixar a 0,40 mal, subir a 0,50 mal tamén, Tano me alegro moito que che pareza ben a proposta que mesmo onte che realizamos de sentarnos, realizar a revisión de ponencia, comezar a traballar niso e incluso unha reunión técnica, incluso con Laya, con Catastro que estabamos dispostos a manter para levar canto antes esa revisión de ponencia o antes posible como compromiso a que polo menos este punto, por unha cuestión de seriedade, saíse adiante. Tamén é curioso que tamén o PP nin o BNG despois de dicilo na Comisión de Goberno non traiades nin unha sola proposta de redución de gasto pero máis curioso é que o PSOE traendo e asinando eles mesmos, neste caso Verónica Touron, unha proposta de redución de gasto agora vai a votar en contra isto é o máis curioso de todo, a oposición cambia a moita xente, é certo que a oposición cambia a moita xente non sabía que tanto e en tan curto prazo de tempo. Tendo en conta precisamente a votación que xa anunciastes todos os grupos políticos, primeiro quero felicitar ao compañeiro Álex polo traballo feito como Concelleiro de Facenda e ao equipo técnico que lle axudou e traballou neste expediente, nós tiñabamos o compromiso do plan de axuste, aquí o trouxemos esta subida do IBI en tempo e forma. Nós traballamos, aínda que é moito máis doado deixar as cousas como están, facer populismo como acabo de escoitar aquí incluso diría electoralismo, os que anunciaron o voto en contra teño claro que fan puro populismo máis algúns que outros que teñen compromisos asinados e acordados nesta sesión plenaria, creo que ademais mostrades un total descoñecemento da administración local co que hoxe ides facer. Vai supoñer co tempo un maior gasto para a veciñanza, para os veciños e veciñas do noso Concello, isto é pan para hoxe e fame para maña. Falades de



xeneralidades todo o rato non escoitei aquí unha sola proposta ata me parece vergonzoso que vos jactedes de algo como as reducións duns salarios co que ademais inxeristes conscientemente na acción deste goberno, creo que esa cantinela se vos vai a acabar cando pasemos o sendo punto e comprobemos que a baixada salarial deste goberno é dun 32%. O que a min máis me preocupa vexo que a vos non, o obxectivo é que este goberno é que non saque as iniciativas xa aprobadas e xa acordadas, adiante e creo que o último que vos preocupa precisamente é darlle seguridade a veciñanza e estabilidade, e si, a veces hai que ser responsables e tomar decisións serias aínda que non populares pero vexo que non o tedes claro, lía non hai moito que precisamente o goberno estudia realizar esta subida, facer unha norma de obrigado cumprimento aos Concello para que fagan revisións directamente dende o goberno aplicar o tipo máximo, non sei cando iso será, cando acontecerá e non sei entón o que lle van a dicir a veciñanza que a culpa tamén é de Movemento Salceda, vanlle dicir iso a veciñanza, sexan serios. Creo que o que se vai a manifestar agora mesmo é unha total incoherencia por parte dos tres grupos políticos e unha irresponsabilidade absoluta co noso pobo. Paso a dar lectura a proposta seguinte:

“Visto que na sesión plenaria do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 10.03.2023 adoptouse o acordo de adhesión ao Plan de Pago a Proveedores e a aprobación dun Plan de Axuste para o concello (Expediente G 492/2023).

Visto que entre as medidas adoptadas no Plan de Axuste, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 10.03.2023, atópase o incremento dos ingresos establecendo como primeira medida o incremento dos tipos impositivos do imposto de bens inmobles (IBI) fixándose no 0,50% tanto nos bens inmobles de carácter urbano como nos de carácter rústico.

Visto o Informe de secretaría núm. 2022-0023 sobre o procedemento a seguir, emitido en data 17.10.2023.

Visto o disposto no informe de intervención núm. 2023-0202 emitido en data 17.10.2023.

Non obstante o disposto no informe de tesourería núm. 2023-0265 emitido en data 17.10.2023.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponho ao Pleno a adopción do seguinte
ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles para a modificación do tipo impositivo*



actual do 0,40%, fixando o tipo impositivo nun 0,50%, quedando o artigo 2 redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 2

2.1 'Tipo de gravame: Acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:

- Bens urbanos: 0.50 %.
- Bens rústicos: 0.50 %

2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,50% a todos os inmobles cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA RECHAZADA** por **CATRO VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, **DÚAS ABSTENCIÓNS** do Grupo Municipal PSOE e **SETE** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e (1 BNG)

Expediente 1556/2023. Aprobación da proposta sobre retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial. Asistencias. Dotacións económicas dos grupos políticos

Sra. Alcaldesa: A proposta económica figura no expediente e quero deixar claro que a Alcaldesa, Movemento Salceda, queremos deixar moi claro dende o primeiro momento que directamente non creemos neste debate dos salarios, simple e llanamente, creemos que é un intento de converter a política, algo que é digno e noble, no faime rir na sociedade. Dende a nosa organización non imos colaborar na degradación da política con este tema e menos un debate iniciado hai moitísimos anos, 15 anos polo PP e ademais o PP de Salceda sempre foi un alumno avantaxado



Consideramos ademais, e así o dicimos, que é un erro estratéxico do BNG e PSOE entrar precisamente nun xogo que domina a dereita, PP, que ademais ten clara intencións de degradar a política en xeral, o teño claro e é o que máis me preocupa. Quen queremos que se dedique a política, intentamos ademais a transparencia, facer a política doutro xeito mentres outros o que fan manchando a política é tapar a súas múltiples e numerosas corruptelas durante décadas. En fin, con todo nós sempre tivemos claro, dende o primeiro momento, que estamos en minoría e que ademais nos toca como organización dende o 13 de xullo levar a diante as propostas e a iniciativa, proposta salarial que a inicial a primeira foi rexeitada polos tres grupos políticos, PP, PSOE e BNG nun contexto como este, de minoría, consideramos eu e o meu equipo que temos que liderar negociacións non cabe outra, dos diferentes temas que vaian xurdindo. MS logo de máis de sete reunións que existiron con cada un dos partidos, BNG e PSOE, presentamos un total de catro propostas, dúas das cales foron levadas a pleno e hoxe traemos esta terceira. No caso do PP, Santiago Rodríguez Davila, ofrecínlle participar na negociación dos salarios e negouse en rotundo demostrando, para min, que é un partido arcaico incluso antidemocrático que non participa no dialogo con moitas afirmacións que me resultan ata preconstitucionais. Ao PP solo lle vale negociar cando está no poder aí si negocia, senón cerrase en banda e di que negocien os demais os que a investiron Alcaldesa, esa é unha posición sumamente seria e moi democrática.

Tras estes dous intentos Movemento Salceda trae por terceira vez a aprobar os salarios nos que agardamos contar esta vez si, ademais co compromiso público das socialistas de Salceda, de votar a favor desta última proposta. Esta terceira que hoxe plantexo, naceu da intención de desbloquear a situación de gobernabilidade para o noso pobo, por elo decidín baixar o meu salario un 10,70% pasando de 42.560 a 38.000, precisamente para redistribuir esta masa salarial e conseguir que estas dedicacións exclusivas dos meus compañeiros se puidesen dar e así contar cun goberno estable e como sempre dixen e defendín con todo o meu equipo dedicando o 100% do seu traballo aos veciños e veciñas do noso Concello e de verdade é inexplicable que despois de catro meses e nove días esteamos en esta situación, traballando sen cobrar, surrealista, e paréceme ademai que é indigno por parte de todos os partidos entrar neste debate, sumamente indigno.

Temos que deixar claro que o montante da retribucións nas diferentes reunións mantidas co PSOE e co BNG sempre estivo como mínimo nun 20% de aforro respecto da anterior lexislatura a estas alturas a porcentaxe de aforro está nun 30% polo tanto é falso que non se quere aplicar a redución necesaria, como acabamos de falar neste lexislatura fomos os primeiros en ofrecer unha proposta na que se reducía o 20% do custe salarial. Tamén vos digo unha cousa, en practicamente en ningún Concello se tratou este tema dende o enfoque salarial, a actitude da oposición responde a unha inxerencia na configuración do goberno máxime cando en Salceda existe un documento asinado por tres forzas políticas, ademais diso un ofrecemento por parte de Movemento Salceda para que as dúas forzas formen parte do goberno. A diminución da masa salarial e si fose pouco, a participación directa que tiveron tanto



PSOE como BNG nas últimas catro lexislaturas na acción directa do goberno, respecto ao PSOE a súa única aportación á negociación foi incorporar unha segunda dedicación parcial a súa proposta inicial, esta proposta inicial contemplaba deixar a un concelleiro sen dedicación, consideramos este punto de partida era a todas luces innegociable ademais cando ven dun partido que formou parte dun goberno que na lexislatura anterior eran sete concellerías, sete concelleiros e concelleiras e había tres exclusivas e tres parciais. En resume, consideramos que a actitude mantida polo PSOE non se lle pode chamar negociar cun mínimo de obxectividade ou polo menos con un mínimo de boa fe. Esta rebaixa do salario da Alcaldesa ante a intransixencia, si é ben que o BNG acabou aceptando a nosa proposta, a intransixencia foi do PSOE e senta un perigoso precedente. Vouvos a dicir cales foron os salarios das diferentes alcaldías ata o de agora en Salceda, José Manuel Rodríguez Fernández, Chicho, ano 2007 salario 52264,8€, Marcos Besada ano 2019, 42.580€, Verónica Tourón, 2023, 42.580€; Loli Castiñeira 2023, 38.000€. De novo as mulleres volvemos a sufrir ese teito de cristal salarial que ademais criamos superado na lexislatura anterior, pasaron exactamente 16 anos e esta Alcaldesa ten o menor salario sen posibilidade sequera da actualización do IPC. Esta é a realidade e non é victimismo, porque todos aqueles e aquelas que me coñecedes sabedes que teño realmente fobia as persoas que dan pena. Durante máis de catro meses onde Salceda, asegúrovos que non parou e aí está a xestión de máis de un millón e medio de euros en tres meses, demostramos de verdade que queremos ao noso pobo, que nos importa o benestar da veciñanza e que imos seguir os catro co 100 por 100 do noso tempo, a nosa dedicación, a nosa aportación, a nosa dedicación e incluso os nosos erros, dedicarlle todo o noso traballo aos veciños e veciñas de Salceda.

Sr.Rodríguez Davila: Quedoulle moi bonito o discurso, populismo elevado a máxima expresión, a demagogia por excelencia que vostede práctica habitualmente e di vostede que é un faime rir o debate en canto aos salarios, o que fai rir é o goberno que temos, Sra. Dolores Castiñeira, un goberno de perdedores con catro Concelleiros de trece e que agora ve que aqueles que a fixeron Alcaldesa en moitas cuestións non a apoian pero iso non é problema de este grupo e polo tanto, non nos pode achacar a nós que vostede non conseguira ata o día de hoxe que vostedes non teñan as retribucións, que por certo van a cobrar dende o minuto un porque son retroactivas. Polo tanto ese mantra que lle din os veciños que están sen cobrar é certo a medias, porque agora van a cobrar todo xunto e polo tanto unha vez máis non son verdades absolutas.

Dicía vostede que o Goberno Estatal debería traballar e estudar a posibilidade de impoñer por lei o tema do IBI igual tamén tería que impoñer que aquel quen gañe governe e o que perde á oposición, tampouco estaría de máis. En canto a dedicarlle vostede as 24 horas en defensa, en traballo dos veciños, na loita de dereitos en todas estas cuestións que vostede tanto lle pon o foco, o altavoz, etc... por iso vostede fai un momento puxeron tanto énfases en defender os veciños que lle querían subir o 25 % do IBI para o ano 2024, ese é o interese que vostede demostra en defensa dos veciños, demagoga. Cando diga oposición, respecto desta cuestións, diríxase a dous



grupos da oposición que a fixeron Alcaldesa non a este Grupo maioritario da Corporación que gañou as eleccións por moito e contundentemente a vostedes. Claro que non temos a maioría por suposto, e claro que somos demócratas e estamos aquí porque vostedes que teñen maioría no pleno para todo o que lles interesa poden facelo e polo tanto, si vostede non tivo antes as retribucións non é culpa deste grupo Sra. Dolores Castiñeira é culpa de aqueles que a fixeron Alcaldesa a pesares de rechinar e de dicir todo o que dixeron, sobre todo o PSOE, de vostede e do seu Grupo, que por certo, se enfada cando o meu compañeiro di do enfrentamento político entre vostedes que é claro, manifesto e público e vostede xa saca a vena do machismo. Estamos nun pleno municipal, democrático e estamos falando en termos políticos, polo tanto non se ofenda porque non vai nada no tema persoal e individual senón vai nos termos políticos cando o compañeiro se refería a iso. E xa a última, o estourazo definitivo que vostede acaba de anunciar fai un momento é comparar os salarios dos anteriores rexidores e rexidoras municipais. Vostede sácase a seguridade social e aos outros seguramente que lla suman e entón claro hai unha diferenza, vostede sácase da manga eses datos, pero xa que vostedes falan de antes seguramente habería que ver e comparar o que facían outros con dúas dedicacións con respecto do que fixeron vostedes durante dezaseis anos cobrando todos menos un da política. Viñeron vostedes ao Concello a vivir da política, a facer da política unha profesión non unha vocación e por iso cando accederon ao goberno todos tiveron dedicación, parcial ou completa, incluso cargos de confianza que tanto criticaban dunha persoa con unha discapacidade e vostedes, seguramente si comparamos o traballo que facían dúas persoas e concretamente unha con unha dedicación con vostedes lle daba mil voltas, facía máis unha persoa que vostedes catro xuntos a día de hoxe iso é a realidade e é o que vostedes non queren recoñecer e aceptar.

Sempre lle dixemos, Sra. Dolores Castiñeira, que mirara aos Grupos que a fixeron Alcaldesa para aprobarlle os soldos agora resulta que o PSOE xa lle vale tres dedicación e unha media dedicación cando fai escasos dous meses dicían que tiñan que ser dúas exclusivas e dúas parciais, pero lamentablemente no PSOE de hoxe en día xa nada nin a ninguén lle sorprende, todo vale. Un goberno de catro non de sete, como nos sempre dixemos, un goberno que perdeu as eleccións e non as gañou, un goberno que a metade del, deste actual de catro concelleiros, é o responsable da maior suba de impostos da historia, por certo do catastrazo, e aquí Sr. Salustiano permítame que por un erro de interpretación ou de escritura dun compañeiro non xustifica os máis de dez plenos onde o PP publicamente se posicionou en contra do catastrazo, non retorza vostede a realidade da posición do PP fronte ao catastrazo, ese erro de transcripción dunha acta dun compañeiro ou da súa propia intervención, que somos humanos, non xustifica os máis de dez plenos onde ese partido a través das súas iniciativas e propostas se opuxo rotundamente ao catastrazo, por iso non lle vou a permitir como portavoz de este Grupo que vostede terxiverse a realidade da posición do PP respecto deste tema, un pouco de seriedade.

Vostede, Sra. Dolores castiñeira, falaba de inflación referíndose a que hai que subirlle



os impostos do IBI porque hai inflación e o Concello ten que recadar e que os veciños non teñen e non sofren a inflación? Por iso nós non queremos subirle os impostos, dicía vostede que trouxemos unha moción, efectivamente, para baixar do 0,53 ao 0,50 no ano 15, é certo, porqué? Porque pretendíamos baixar os impostos, porqué agora non queremos que sexa o 0,50? Porque no ano 2015 os veciños non sufriron o catastrazo, porque no ano 2015 os veciños non miraron coma o Concello, o Goberno de turno lle meteu a man no bolsillo e recadou máis de 400.000€ do catastro, porque no 2015 os veciños non sufriron todas as consecuencias da súa nefasta xestión económica e por iso no ano 15 era sensato baixar, non subir nin mantelos, baixar do 0,53 ao 0,50, unha nova proposta de rebaixa de impostos deste grupo municipal no ano 2015. Vostede saca a colación esta moción, quedando ben claro no ano 2023 o 0,50 estupendo porque o PP a defendía, claro no ano 2015 non no ano 2023 despois do catastrazo e despois de todo o que tiveron que sufrir os veciños, e agora vostedes pretendían subir outra recadación extra aplicando o 0,50 demais de 400.000€.

Vostedes son un Goberno que creou a maior débeda da historia da noso Concello, un Goberno que non paga aos provedores en tempo e forma, un Goberno que lle cortan os subministros básicos continuamente, o subministro telefónico, o subministro do combustible para os coches, o subministro da roupa dos traballadores porque non lle pagaban a empresa, o subministro de material para vías e obras, etc... Un goberno que nos meteu nun plan de axuste pola súa nefasta xestión económica como acabo de dicir, que forzou aos empregados municipais a vía xudicial porque non soubo darlle unha saída negociada e tivo unha repercusión catastrófica para as arcas municipais. Un Goberno que ten case todos os seus departamentos privatizados, vostedes os grandes defensores, nos titulares claro, da xestión pública resulta que dende que son goberno no Concello de Salceda privatizaron case todas as áreas e case todos os servizos do noso Concello, mira que se privatizaron que ata se contratan persoais eventuais para cubrir na Biblioteca municipal. Fíxense vostede que afán privatizador teñen vostedes pero é que todos, vexamos por onde vexamos calquera departamento vostedes o privatizaron e o seguen a privatizar. Un Goberno que son récord, como digo, de contratar a dedo aos de sempre sen pasar por un proceso de oportunidades para todos, me refiro a obras de menor importe que efectivamente é legal pero que vostedes non fan público, que vostedes non dar oportunidades, e que vostedes, como lle dixen aquí neste pleno onde debatemos a construción de esas marquesinas, ao final a realidade nos da a razón. Un Goberno campión en solicitar o maior préstamo da historia para pagar as facturas que levaban máis de un ano no caixón sen pagar; que lle recadou aos veciños máis de 400.000€ e levan vostedes 16 anos intentando gobernar e a realidade é que vostedes nos están deixando un pufo e nos están metendo nun burato sen saída. Cando vostede queira falar de beneficios e aprobar as súa retribucións e cousa que lle afecte ao Goberno ten que falar cos Partidos que a fixeron Alcaldesa non con este Grupo maioritario.

Sra. Tourón Domínguez: Non sei si empezar polo principio porque creo que xa



debateu tanto o tema dos salarios, incluso en plenos traídos sen negociar absolutamente nada antes, en prensa e demais co cal creo que o debate xa está feito, efectivamente foi todo un espectáculo o están dando vostede e o seguen dando coas declaracións feitas pola Alcaldesa no principio deste punto. Nós non cambiamos, nin nos vale nin nos deixa de valer, a proposta que se trae hoxe a pleno e que ten o visto bo do PSOE reflexa o montante que o PSOE presentou, como o divida o equipo de goberno non é cuestión do PSOE.

Deixar claro tamén que non se falou aquí pero si que se deu a entender que se estaba sen cobrar, aquí vaise aprobar hoxe a retroactividade dos salarios das persoas que tiveron dedicación ao Concello, é dicir, que non estiveron traballando sen cobrar eu creo que tamén é importante dicilo, e non digo que sexa incoherente traer a retroactividade senón que van a cobrar por un traballo feito, non están traballando gratis que foi o que se encargaron de dicir a veciñanza durante estes catro meses. O Concello ten que reducir gastos e diferenciar, permítame creo que non esta para nada acertada, entre soldos de homes e mulleres no goberno non ten sentido nin procede, nós non lle pedimos a Alcaldesa que rebaixara o seu soldo en ningún momento co cal o de mixturar iso non ten sentido. Aquí cada quen chámalle as cousas como lle parece, se non ten capacidade política para negociar e consensuar non é unha cuestión de desigualdade entre mulleres e homes, perdóeme pero téñoillo que dicir pola súa intervención ao principio porque o proceso de aprobación destes salarios non foi nunca liderado por Movemento Salceda cando ven a dous plenos cunha proposta sen consenso co cal non confundamos. Lle pido que non utilice a desigualdade salarial para xustificar o seu soldo porque non sería xusto. Ademais non sei si fixo en algún momento un exercicio de reflexión de porqué nin nós o PSOE nin o BNG quixeron entrar no goberno e rexeitaron esa opción, eu creo que se debería empezar a facer esa reflexión porque ao mellor nestes catro meses aínda non lle deu tempo. Fai un momento dicía que non lle gustaba dar pena pois eu perdóeme e vaimos desculpar pero o victimismo de Movemento Salceda co tema dos soldos non cabida na situación na que se atopa este goberno en minoría.

Sr. Guerra García: Gustaríame empezar dicíndolle ao Sr. Rodríguez Davila que el non me vai impedir aquí ler unha acta dunha intervención plenaria nesta casa e ademais cando lin esa acta dixen que me parecía que esa persoa falaba honestamente, cousa que vostede non, porque claro, pilláronse nas patacas Sr. Rodríguez Davila, cando alguén pide bonificacións é que está conforme cos procesos.

Sra. Alcaldesa, o victimismo sempre é falta de argumentos, nos alegrámonos que se acabe este espectáculo pero sobre porque quen lle deu luz a este espectáculo foi dende o goberno local, a última foi a rebaixa dun salario que non se tiña, ou sexa primeiro non se tiña un salario e logo rebaixase o salario, hai titulares que dan para rir, a Alcaldesa non ten salario pero logo rebaixase o salario en solidariedade cos seus compañeiros. O acordo que se vai ratificar nós xa o propuxemos a primeiros de agosto, simplemente si se chegou a hoxe nesta situación foi porque o grupo de goberno entendía que non debía aceptar, entón a responsabilidade é simplemente



súa e lembrar que os importes salariais de retribución que se van a aprobar, algunhas de esas retribucións son máis altas que Concelleiros a tempo completo en Concellos co triple de poboación de Salceda de Caselas. Gustaríame que retirase determinadas palabras que vostede dixo, Sra. Castiñeira porque para min é ofensivo o que dixo, polo menos polos que loitamos a diario pola igualdade entre home e muller.

Sr. Rodríguez Davila: Reitero o que lle dixen na miña anterior intervención, Sr. Salustiano, non lle acepto nin lle permito que poña en cuestión o traballo, as propostas, as iniciativas e todo o que fixo este grupo por unha simple acta dunha intervención dun compañeiro respecto desta cuestión, polo tanto si quere vostede seguir retorcendo a realidade que sabe perfectamente cal é, alá vostede demostrará que non acepta que poida haber un erro de transcripción, incluso, non un erro na intervención dun compañeiro que non digo nin que si nin que no porque loxicamente non me acordo de esa intervención, pero pode ser de transcripción perfectamente da acta e que esa cuestión desacompañada dunha intervención de ese compañeiro despois de máis de dez, once plenos que falamos do IBI que vostede poña en cuestión o noso posicionamento di moito de vostede e non quero ser malpensado nin poñerlle un adxectivo ao respecto publicamente. O noso posicionamento ao respecto quedou moi claro, sempre o manifestamos e polo tanto o goberno é goberno porque tivo apoio deses grupos e é o goberno que ten que buscar os apoios neses grupos para as súas retribucións, outra cousa diferente sería que ese grupo de goberno tivese máis concelleiros que calquera grupo da oposición e que aí loxicamente tería que negociar cos diferentes grupos para chegar a este acordo que é o que teñen que facer vostedes e é o que parece que fixeron e que o van a conseguir. Nós non vamos a apoiar as retribucións e salarios dun goberno que nós non votamos e do que estamos totalmente en contra, a democracia di que sete suman máis que seis e vostedes van ter eses sete votos a favor e pouco máis que dicir, non se enfaden nin se cabreen con este grupo porque non os van a apoiar porque sabían perfectamente dende o minuto un que non o iamos a facer.

Sra. Alcaldesa: Entérese dunha vez, a elección de elixir Alcalde ou Alcaldesa é do pleno e a decisión de elixir Presidente do Goberno e do Parlamento, nós somos escollidos pola veciñanza, nun acaba de entender como funciona a democracia isto foi unha decisión negociada e ademais figura na Constitución, polos pais da Constitución, Manuel Fraga. Vouche dar a razón nunha cousa que é que coñecendo a Primitivo estou segura que non dixo iso e que foi incluso un erro.

Sra. Tourón Domínguez: Estamos asistindo a unhas clases maxistras de como se elixe a quen e como se deixa de elixirse, eu quero lembrarlle ao PP que o PSOE firmou un acordo de investidura non un acordo de goberno. Non vou a seguir dando espectáculo como tema dos soldos pero o que está claro é que un dos exemplos da nula capacidade de negociación xa se deu antes no punto anterior do IBI que a Alcaldesa xa anunciou o voto en contra do PSOE, debeu ser que negociou moito que sabía que iamos a votar en contra, cando nos abstivemos por coherencia e porque dixemos que non estamos en desacordo coa subida dos impostos que son necesarios



ou a subida dos ingresos senón que tería que ser negociada coa baixada dos gastos, non si non se entendeu esta e outra clase máis de barrio sésamo que creo que hoxe estámoslle dando voltas a cousas que xa se falaron e que xa se debateron un montón de veces.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SETE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), e **SEIS EN CONTRA** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Determinar a dedicación exclusiva en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

- Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 2.714,29€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 38.000,06€).

- Concellería de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística, novas tecnoloxías, facenda, réxime interior, persoal, seguridade e tráfico: Retribucións mensuais brutas de 2.012,86€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 28.180,04€).

- Concellería de axenda ecolóxica, saneamento, medio rural, mobilidade, transporte deportes, mocidade e turismo: Retribucións mensuais brutas de 2.012,86€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 28.180,04€).

Segundo.- Determinar a dedicación parcial, cun réxime equivalente a seis horas diarias de xornada de traballo, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía, en relación ao seguinte cargo de goberno, coas retribucións que se indican:

- Concellería de benestar social, igualdade, ensino, sanidade, comercio e industria, participación cidadá, formación e emprego, voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1.500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 21.000,00 €).

Terceiro.- Recoñecer o efecto retroactivo dos acordos recollidos no punto primeiro e segundo do presente acordo, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, desde as seguintes datas:

- Alcaldía: Efectos desde o 17 de xuño, data da súa toma de posesión.
- Concellería de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística, novas tecnoloxías, facenda, réxime interior, persoal, seguridade e tráfico: Efectos desde o 7 de xullo, data en que se realizou a delegación de áreas mediante Resolución de Alcaldía núm. 2023-0836.



- Concellería de benestar social, igualdade, ensino, sanidade, comercio e industria, participación cidadá, formación e emprego, voluntariado: Efectos desde o 7 de xullo, data en que se realizou a delegación de áreas mediante Resolución de Alcaldía núm. 2023-0836.

Cuarto.- Manter en concepto de indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, segundo artigo 75.3 e 4 LRBRL, as cantidades que se indican na base 35.1.c) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial.

Recoñecer o efecto retroactivo do presente acordo, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), desde o 17 de xuño, data da toma de posesión da actual corporación municipal.

Quinto.- Manter como asignación a cada grupo político, ao amparo do artigo 73 da Lei 7/85, as dotacións económicas da base 35.1.d) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás asignacións aos grupos políticos.

Recoñecer o efecto retroactivo do presente acordo, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), desde o 17 de xuño, data da toma de posesión da actual corporación municipal.

Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar unha contabilidade específica, non podendo adicarse polos Grupos ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Sexto.- Publicar o presente acordo no *Boletín Oficial* da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación.

Expediente 1379/2023. Fixación das retribucións do posto de persoal eventual.

Sra. Alcaldesa: Da lectura da proposta seguinte:

“Visto o artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (EBEP en adiante), segundo o cal “1. *Es personal eventual el que, en virtud de nombramiento y con carácter no permanente, sólo realiza funciones*



expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial, siendo retribuido con cargo a los créditos presupuestarios consignados para este fin.

2. Las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto determinarán los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas que podrán disponer de este tipo de personal. El número máximo se establecerá por los respectivos órganos de gobierno. Este número y las condiciones retributivas serán públicas.

3. El nombramiento y cese serán libres. El cese tendrá lugar, en todo caso, cuando se produzca el de la autoridad a la que se preste la función de confianza o asesoramiento.

4. La condición de personal eventual no podrá constituir mérito para el acceso a la Función Pública o para la promoción interna.

Al personal eventual le será aplicable, en lo que sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.”

Visto, por outra banda, o artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), segundo o cal “1. El número, características y retribuciones del personal eventual será determinado por el Pleno de cada Corporación, al comienzo de su mandato. Estas determinaciones solo podrán modificarse con motivo de la aprobación de los Presupuestos anuales.

2. El nombramiento y cese de estos funcionarios es libre y corresponde al Alcalde o al Presidente de la entidad local correspondiente. Cesan automáticamente en todo caso cuando se produzca el cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.

3. Los nombramientos de funcionarios de empleo, el régimen de sus retribuciones y su dedicación se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia y, en su caso, en el propio de la Corporación.”.

Visto o artigo 104 bis da LRBRL que dispón o seguinte:

“1. Las dotaciones de puestos de trabajo cuya cobertura corresponda a personal eventual en los Ayuntamientos deberán ajustarse a los siguientes límites y normas (...):

b) Los Ayuntamientos de Municipios con población superior a 5.000 y no superior a 10.000 habitantes podrán incluir en sus plantillas puestos de trabajo de personal eventual por un número que no podrá exceder de uno.(...)”

Visto, asemade, o artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril,



polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legaisvixentes en materia de réxime local (TRRL en adiante).

Visto, por último, o artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante), que reproduce o indicado nos dous últimos preceptos citados.

Considerando que, o primeiro paso imprescindible para a creación e dotación das prazas indicadas é contempladas na plantilla do Concello de Salceda de Caselas, como esixen o mencionados artigos 176.2 TRRL e 250.2 LALGA, así coma nos artigos 90.1 par 1º LRBRL.

Considerando que consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do orzamento prorrogado para 2023 o posto de persoal eventual denominado “Auxiliar administrativo”.

Visto que existe consignación orzamentaria suficiente.

Considerando cando antecede **PROPOÑO** ao Pleno do Concello coma órgano competente na materia:

Primeiro: Manter como persoal eventual do Concello o posto de traballo de confianza que xa consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do vixente orzamento prorrogado para 2023 denominado “Auxiliar administrativo” coas retribucións que figuran no mesmo que son:

Retribución bruta anual será de 21000,00 euros (total anual bruto) (1500,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias),

Segundo: O nomeamento e cesamento do persoal funcionario eventual é libre e corresponde á Alcaldía, de conformidade co artigo 104.2 da Lei 7/1985.”

Sr. Rodríguez Davila: O que se pretende aprobar é unha retribución económica para o cargo de confianza de Alcaldía, nós nos manifestamos unha vez máis para que quede constancia en acta, como así dixemos durante moitos anos respecto das retribucións do Alcalde ou Alcaldesa que nunca nos pareceu unha excesividade si o conxunto total daqueles gastos totais, tamén dicimos o mesmo que é lóxico que un Alcalde ou Alcaldesa teña un cargo de confianza, nós vamos a votar en contra non polo mero feito de ser un cargo de confianza que había senón polo feito mero de ser un cargo de confianza dun goberno que perdeu a eleccións e que non tivo o voto, loxicamente, deste grupo e como nós somos coherentes nese sentido e o dicimos para que quede constancia en acta e o día mañá si gobernamos teñamos un cargo de confianza podamos defendelo como vamos a defender no día de hoxe. Recordar aqueles que cando a primeira vez neste Concello un cargo de confianza durante seis



meses cunha persoa don unha discapacidade poñían o grito no ceo e como dixen na miña intervención anterior, cando accederon ao goberno puxéronse dedicacións case todos, cargo de confianza, etc... batendo o récord de retribucións de todos os gobernos da historia do noso Concelloñ. Todos e cada un dos Concelleiros salvo algún en algún mandato que non tiña retribución pero a maioría, como digo, cando eran oito tiñan sete, cando eran sete tiñan seis máis o cargo de confianza a maiores polo tanto, como dixen antes viñan a facer da política unha profesión e non unha vocación, dito isto. Loxicamente este Grupo non vai a apoiar un cargo de confianza do que este Grupo non apoio a ese Grupo Municipal para que fose goberno e polo tanto non ten ningún sentido que o así o fagamos, por iso manifestamos o noso voto en contra desta retribución desta persoa do cargo de confianza da Alcaldesa actual.

Sra. Tourón Domínguez: Adáptase ao que falamos xa e que foi público no último pleno que a proposta era no seu conxunto tanto os catro cargos de Concelleiro ou Concelleira e persoal eventual, adáptase ao que falamos co cal o noso voto vai ser a favor.

Sr. Guerra García: O noso voto vai ser favorable dentro do falado xa no punto anterior, en todo caso tomamos a palabra da Sra. Alcaldesa de que o salario é a partir deste acordo plenario.

Sr. Rodríguez Davila: Dado que o BNG vai votar a favor nós preguntamos como é que defendía a capa e espada vostede que o cargo de confianza solo podía cobrar o 75% e agora vostede está de acordo con ese 100% da proposta que se trae a pleno? Por curiosidade porque unha vez máis vemos como cambia de opinión como así o fixo no tema do IBI con respecto da moción que nos trouxemos a pleno fai dous meses, vostede votou a favor e que agora no día de hoxe votou en contra.

Sr. Guerra García: Aquel acordo do mes de xullo-agosto era que se puxera na mesa o tema das bonificación porque queríamos falar de todo isto e vostede non o entendeu. Preguntaba o Sr. Santiago porque mudamos de opinión, mire resulta que a Sra. Alcaldesa dixo que se baixaba o salario que non tiña para repartir cos demais entón na medida e co montante global non excede do pactado, cando nós propuxemos a primeiros de agosto e non era a nosa proposta de que aceptabamos a proposta do PSOE e como punto de encontro para un acordo, lembro as palabras da Sra. Alcaldesa que dixo que aceptabamos iso porque era menos contía da que nós propoñíamos, indudablemente ao ser menos contía como non o vamos a aceptar.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SETE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), e **SEIS EN CONTRA** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Manter como persoal eventual do Concello o posto de traballo de



confianza que xa consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do vixente orzamento prorrogado para 2023 denominado "Auxiliar administrativo" coas retribucións que figuran no mesmo que son:

Retribución bruta anual será de 21000,00 euros (total anual bruto) (1500,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias),

Segundo: O nomeamento e cesamento do persoal funcionario eventual é libre e corresponde á Alcaldía, de conformidade co artigo 104.2 da Lei 7/1985.

Expediente 2277/2023. Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 2023-0544 de aprobación do proxecto de obras denominado "Actuacións en Loureiro-1, parroquia de Picoña"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o proxecto de obras denominado "Actuacións en Loureiro-1, parroquia de Picoña", redactado polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos Ramón Docampo, de data 2 maio de 2023, ascendendo o total do orzamento base de licitación a 61.620,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 10.694,50€ e o presuposto sen IVE a 50.926,17€.

Visto o informe técnico núm. 2023-0119 emitido polo arquitecto técnico municipal.

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0544 de data 4 de xuño aprobouse o proxecto de obras denominado "Actuacións en Loureiro-1, parroquia de Picoña".

De conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Ratificar o apartado primeiro da parte resolutiva da Resolución de Alcaldía núm. 2023-0544 relativa á aprobación do proxecto de obras denominado "Actuacións en Loureiro-1, parroquia de Picoña", redactado polo Enxeñeiro de camiños, canais



e portos Ramón Docampo, de data 2 maio de 2023, ascendendo o total do orzamento base de licitación a 61.620,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 10.694,50€ e o presuposto sen IVE a 50.926,17€.”

Sra. Alcaldesa: Explíqueino na Comisión Informativa que dentro da memoria xustificativa dos danos provocados pola choivas en decembro, xaneiro de 2023 figuraban catro actuacións dúas delas na parroquia da Picoña, outra delas na Laxe en San Xurxo e última no Cerquido. A primeira delas a de Loureiro a máis importante e a que hoxe pretendemos ratificar este decreto, é a de importe de 61.620,67€, todas elas suman un importe de máis de 135.000€ de subvención para reparación destes tres muros e despois a construción duns pozos en Cerquido para a condución das augas. Sabedes os problemas que hai de inundabilidade que se dan na zona, ben é certo que isto é pouco máis que un remendo non vai a poñer solución aos múltiples problemas que hai de urbanización e de canalización en todo o espazo do Cerquido, sabedes ben que se pretendía regular e urbanizar todo aquel espazo este será unha pequena solución que veremos si é suficientemente efectiva, ogallá me equivoque.

Traemos neste punto a ratificación do decreto que vos mencionei, un Decreto do 4 de xuño co cal aprobamos esta obra para chegar en tempo e prazo a actuación de Loureiro-1, unha obra que consiste na construción de un muro en escollera, non sei si coñecedes o lugar eu sempre digo que A Picoña é igual de fermosa que de complexa pola súa orografía, e neste caso a calzada perdeu o sustento con estas choivas, o muro é grande, tan grande que esa escolleira de máis de 60m con un muro de mampostería que en algúns puntos alcanza 8m e noutros ata 4 metros. Contéplase ademais a reforma desa estrada que se desfixo no lateral e a reparación da rede de abastecemento parroquial. Unha subvención que se solicitou a Deputación de Pontevedra o 4 de maio de 2023, concedida o 26-6-2023, un prazo de execución que remataba agora en novembro despois de dialogo e negociación conseguimos que nolo ampliaran, en agosto deu comezo o expediente de contratación, unha vez que tivemos despois de reiterar o permiso a Confederación Hidrográfica argumentando a urxencia, porque ben sabedes que é unha estrada que pasa o transporte escolar co perigo que conlevaba, fixemos un informe policial para que Confederación contestase de xeito inmediato r de tres días deu resposta e puidemos seguir coa licitación e contratación de esa obra.

A veciñanza sempre estivo informada da situación do expediente desta obra que era moi importante para aquel barrio, para Loureiro e para Picoña, despois de manter unha reunión veciñal en urbanismo, na Casa do Concello e ser informados, eles mesmos nos pediron que acudiramos eu como Alcaldesa e o persoal técnico a explicarlle a veciñanza as cuestións técnicas e tamén de prazos que eran as que máis preocupaban. Alí estivemos o Concello, alí estivo a representación veciñal e alí estiveron todos os veciños que quixeron estar para estar informados. Esta obra vai dar comezo nuns días, a empresa adxudicataria é unha empresa local, teño que dicirvos que me alegro diso, Rocas SL desta localidade, coñece o territorio e ademais como sabedes ten canteiras e agardo que a obra sexa executada de xeito correcto.



Sr. Rodríguez Davila: Nós vamos a estar de acordo en facer esta obra necesaria pero tamén queremos manifestar que seguramente, non todo porque é imposible, pero estamos convencidos de que algo se puidera haber evitado, de que non sucedese tan gravemente o que sucedeu si se fixera unha mínimo de mantemento en puntos críticos das nosas estradas, me estou a referir a limpeza e ao mantemento dos desaugues principais en sitios con tanta pendente como é a Picoña. Tiñan vostedes o exemplo que sucedeu naquela cicloxénese anos atrás onde nesa mesma parroquia arrasou con todo o que alí se atopou por non estar, a veces non dimensionado e outras veces mal limpo e atendido o mantemento, non diario pero si anual dos desagües e dos cauces das canalizacións principais desas parroquias, e ademais viñamos de sufrir anos atrás eses incendios que loxicamente restou tamén vexetación, etc... na zona e iso ao final é a suma por un lado, loxicamente sen sacarlle importancia ao que sucedeu aquela noite en canto ao meteorolóxico falando pero tamén ao non atender, como digo, a eses mantementos de limpeza e desatasque de canalización, sobre todo insisto, principais e digamos críticas nos desagües. Me estou a referir por exemplo, que se fan outras canalizacións e me refiro a 500 metros máis abaixo nesa parroquia onde fixemos uns anos antes unha canalización a uns veciños, que teñen dereito que se lle faga, pero que casualidade que se fixeron en campaña electoral e afíns a Movemento Salceda e que loxicamente esas prioridades podían esperar perfectamente e facelas, esas canalizacións, señores do goberno, Sra. Dolores Castiñeira onde se produxo exactamente ese gran derrumbe porque a día de hoxe non existe ningunha canalización ao respecto. Aquí é onde había que facer a canalización de cemento e non antes abaixo. Insisto as prioridades hai que saber marcalas e os perigos hai que saber detectalos e temos dereito a equivocarnos pero iso non significa que non sexamos críticos coa acción do goberno en eses casos que politicamente van a executar obras onde non son tan prioritarias e deixan as prioritarias, as críticas e fundamentais para cando suceden desgracias como esta, e non o decimos nós, señores do goberno, sobre todo a vostede Sra. Dolores Castiñeira, llo dixeron os veciños que sufrían esas consecuencias porque non eran a primeira vez en ese punto que sucedía algo parecido, non igual, e polo tanto si o mantemento e a canalización desas augas desas cunetas estiveran con formigón e limpas podería suceder pero seguro que non sucedería o sucedeu nesa noite.

Con respecto a obra vamos a votar a favor, confiamos na execución que vai a realizar esa empresa que se mencionou aquí e confiamos e esperemos que o proxecto redactado para dar solución sexa acordo co que se necesita nese lugar para esa circunstancia actual. Remato facendo a proposta e reivindicación que levamos anos facendo para esa zona que é que unha vez se fagan esas obras se coloquen de unha vez por todas a valla de seguridade nesa zona que durante tantos anos e durante moito tempo e a través de rogos trouxemos a este pleno.

Sra. Tourón Domínguez: Totalmente de acordo co proxecto é moi necesario despois desas inundacións que sufrimos no nadal ademais é un proxecto que se fixo sendo eu Concelleira de Urbanismo e que tamén solicitada a financiación ao Goberno anterior



da Deputación, dunha orde que viña precisamente por excepcionalidade eu creo que é un pouco demagogía o que acabo de dicir o PP, estas axudas eran concedidas pola excepcionalidade do que había acontecido é dicir, agora dicir ou dar a supoñer que a falta de mantemento, a falta de canaletas e demais aí a evitar ou posible evitar esta situación creo que dende logo é facer un pouco demagogía. Eu estiven esa noite alí cos veciños e os propios veciños dicían que eran as circunstancias que se habían dado nesa noite que nunca se habían dado antes e que era normal que iso acontecera así, co cal creo que deberías evitar sobre todo en cuestións excepcionais como estas evitar esas demagogía que é moi fácil recorrer a ela pero que eu considero que non debe facerse. Alégrome que concederan esa subvención que saía a diante ese traballo que ademais foi complexo de toda unha memoria técnica de todo o que aconteceu no Concello de Salceda, ao igual que noutros Concellos sobre todo da provincia de Pontevedra, que ese traballo vaia a saír a diante, alégrome moito e espero que se remate o antes posible porque é necesario.

Sr. Guerra García: Eu coñezo o lugar, estiven cando a Sra. Castiñeira e os técnicos municipais estiveron alí cos veciños, a petición da Asociación de Veciños, en todo caso, non sei si aquilo estivera mellora as choivas de eses días e nomeadamente as de esa noite de fin de ano farían o estrago que fixeron ou non o farían o que é certo que a baixante que hai por alí de auga, aí a Confederación Hidrográfica ten competencias e de facto no mesmo lugar o técnico municipal adiantou solucións alí aos veciños de como mellorar aquela escorrentía de augas e a canalización porque en determinados lugares non podía tocarse porque pertencía a Confederación Hidrográfica. En todo caso aínda que tarde, porque os veciños levan moitos meses preocupados, alegrámonos que por fin se poida empezar as obras e eu supoño que a Asociación Veciñal fará seguimento delas para que se acaben canto antes.

Sra. Alcaldesa: Eu Santi creo que descoñeces o territorio, descoñeces que a situación e o estado do regatos de quen é competencia, creo que non sabes moi ben cal é a situación real de aquel punto, non me importa que sexas crítico co goberno nós xestionamos e creemos que o facemos ben algunha vez nos equivocamos evidentemente pero que demos mostras de saber xestionar ogallá foses tan crítico coa Xunta que non puxo un só euro para os danos das choivas, porque lle digo na memoria aparecen todos os danos de esas datas e está entorno valorado aos mil euros, logo tampouco nos estrañemos de certas débedas e de certos traballos realizados ou sexa vivimos situacións excepcionais todos estes anos, COVID, choivas e efectivamente moitas de esas obras houbo que realizalas, cando se producen gastos e son en beneficio da veciñanza eu creo hai que medir entre un tipo de débeda e outra e de verdade descoñezo, en varias ocasións estiven pola zona, dígolle que a coñezo ben a visito a miúdo non so politicamente senón incluso algunha vez tomando café en casa de algún veciño ou veciña e a min nunca me trasladaron esa sensación de abandono absoluto do espazo e que as choivas e as consecuencias das mesmas foran por falla de mantemento, é unha mágoa que si a vostede lle foron lle con ese discurso como Concelleiro e como responsable que é non nolo trasladase ao Goberno.



Sr. Rodríguez Davila: Creo que me expliquei concretamente, explicitamente respecto do que podería suceder ou non, non son futurible o que digo e reitero é que tendo unha canalización mellor da que había e tendo aquí en perfecto estado de revista as consecuencias serían diferentes, non digo que fosen ni máis nin menos, serían diferentes porque senón esa noite se levou a maquinaria a desatascar e canalizar as augas pola cuneta, porque se levaron? Serían para solucionar un problema grave que estaba sucedendo, verdade? Pero si realmente non solucionase nada non se houbera levado esa máquina esa noite a traballar alí nese lugar, polo tanto o que o que dixer é que loxicamente non se ía a evitar todo o que sucedeu pero eu digo que sería diferente, nin igual nin parecido, sería diferente porque si houbera unha canalización en condicións nesa zona a sabendo o que sucedeu coa cicloxénese anos antes e tendo esas provisións e esa xestión de planificación as consecuencias seguro que serían diferentes. Non digo nin máis nin menos digo diferentes e me reitero e senón non se levaría esa noite a traballar para intentar arranxar un problema grave que estaba sucedendo e que nos parece moi ben que se fixera e agradecemos que alí estiveran esa noite do 31. Por certo eu recibín esa chamada tamén a unha da mañá e non estaba en Salceda e estaba bastante lonxe esa noite senón me houbera acercado pero agradezo e así me dixeron que estaba presente a señora Alcaldesa trallando coas máquinas co cal lle honra, e a súa obrigaición e agradezo que alí estivera, non pretendamos enredar o que eu pretendo dicir que todos entendemos o que estou a dicir eu creo que hai máis puntos que habería que estudar como se fixo coa cicloxénese en outros puntos desa parroquia onde se fixeron actuacións que evitaron que esa noite non sucedera o que sucedeu alí, porqué? Porque se deu solución ao problema, e non sucedeu noutros lugares solo sucedeu alí.

Sra. Alcaldesa: A xente que apoia a Movemento Salceda non a convencemos para ir nunhas listas por facerlle unhas cunetas de formigón.

Sra. Tourón Domínguez: Sigo dicindo que é un proxecto importante, lembro cando ninguén apostaba para que non levamos o traballo de facer memorias e demais porque non iamos a mirar un duro de ningún lado, afortunadamente a Deputación daquela si quitou esas axudas, non o suficiente, é verdade que non chega para todos os danos que houbo no Concello pero si que foi a única administración que quitou axudas para paliar eses danos. Insisto eu estiven alí esa noite e o que nós miramos, eu e os veciños que estaban alí e a empresa que tiveron que chamar en fin de ano e demais o que nós miramos alí non o paraba ningunha cuneta de cemento por ben feita que estivera. Hai que ser conscientes de que foi unha cuestión excepcional, a auga arrastraba todo o que había pero a cantidade de choiva na propia calzada, o que caía na propia calzada entraba por dentro das botas, por poñer un exemplo, é dicir, o que alí se viviu esa noite que miramos os que estabamos alí sabemos que non se paliaba con iso, de todos os xeitos o importante hoxe aquí é que se vai a facer unha actuación importante que se conseguiu esa financiación e que se faga o antes posible para que os veciños e veciñas non estean nunha situación na que se atopa.



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

Ratificar o apartado primeiro da parte resolutiva da Resolución de Alcaldía núm. 2023-0544 relativa á aprobación do proxecto de obras denominado “Actuacións en Loureiro-1, parroquia de Picoña”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos Ramón Docampo, de data 2 maio de 2023, ascendendo o total do orzamento base de licitación a 61.620,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 10.694,50€ e o presuposto sen IVE a 50.926,17€.

Expediente 1787/2023. Aprobación de proxecto de obras de “Mellora da accesibilidade no centro de servizos sociais municipais. Instalación de elevador e aseo accesible”.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o proxecto de obras denominado “Mellora da accesibilidade no centro de servizos sociais municipais. Instalación de elevador e aseo accesible”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 08.08.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.387,84€ (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 8.397,89€ e o presupostos en IVE a 39.989,95 €.

Visto o informe técnico núm. 2023-0186 emitido polo arquitecto técnico municipal.

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO



PRIMEIRO. *Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da accesibilidade no centro de servizos sociais municipais. Instalación de elevador e aseo accesible”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 08.08.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.387,84€ (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 8.397,89€ e o presupostos en IVE a 39.989,95 €.*

SEGUNDO. *Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

Sra. González Luis: Como Concelleira de Igualdade e aínda que non ten nada que ver con este punto me gustaría animar a todas as mulleres que nos están vendo de maneira telemática a que poidan asistir a este pleno en directo xa que hoxe no público so había dúas mulleres fronte a un público completamente masculinizado, así que o meu ánimo a esa asistencia ao colectivo feminino.

En relación a este expediente traemos hoxe aquí a aprobación deste proxecto, unha obra de mellora de accesibilidade no Centro de Servizos Sociais municipais, instalando un elevador e un aseos accesibles. Este proxecto elaborado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez, ten un custe 48.387,84€, sen IVE 39.989,95€. Así o indica a lei hai que tratar de camiñar cara unha accesibilidade universal e para iso é preciso suprimir as barreiras arquitectónicas especialmente aquelas que se atopan en edificios públicos como é este. Os que xa fostes algunha vez xa ao servizos sociais coñecedes como están as instalacións actualmente os que non o coñecedes, porque era o antigo centro de saúde, consta de dúas plantas que se ascende a segunda a través de escadas e non hai ascensor e polo tanto para garantir a accesibilidade e o completo uso deste espazo debemos contar con esta obra, a execución deste proxecto permitirá por un lado garantir a accesibilidade de todos e todas os usuarios que alí vaian e ampliar os espazos onde se están dando consultas como por exemplo a de atención temperá.

Sr. Rodríguez Davila: O antigo centro de saúde o edificio todo o mundo é coñecedor da proposta que o noso grupo levaba, non nesta campaña senón nas anteriores eleccións do ano 2019 onde pretendíamos facer unha reforma integral para ubicar unha biblioteca municipal e polo tanto ter un único edificio dedicado a ese fin e así evitar o que está sucedendo na Biblioteca actual de ruídos, de espazo, etc... Visto que o goberno actual e tamén o anterior, por certo, un goberno, non o anterior senón o anterior, en campaña electoral presentou un vídeo en 3D facendo unha reforma de ese edificio para un centro cívico e que agora polo que non din non ten moito que ver co que se pretende reformar, porque é un proxecto do ano 2022 vemos como unha vez máis gastamos diñeiro público en vísperas de unas eleccións para facer un vídeo moi bonito e unha reforma do edificio para un centro cívico e resulta que despois o goberno reforma ese proxecto e no ano 2022, que é a data deste último proxecto, redistribúe doutra maneira diferente ese edificio, segundo nos manifestan, nós non o temos, iso é o que se nos manifestou dende urbanismo, nós non tiñamos



coñecemento dese proxecto do ano 2022 e a raíz do que viu a Comisión preguntamos en urbanismo e se nos fai chegar dous planos, un da plan baixa e outro da plan superior do proxecto de xuño do ano 2022. Nós ata a data non tiñamos coñecemento dese proxecto, así é como traballaba o goberno anterior que non compartía os proxectos beneficiosos para que poidamos debater, aportar e acordar ou non en aras de acertar entre todos nas decisións de gastar o diñeiro público para edificios para que governe quen governe poidamos estar de acordo e perdurar no tempo. Por iso aquí unha vez máis manifestamos, que aínda dende o noso grupo pretendíamos facer esa biblioteca e é certo que é necesario facer un ascensor para que comunique a planta de abaixo coa planta de arriba e tamén, loxicamente, é necesario facer un baño accesible e que esas dúas obras que hoxe se van a aprobar aquí, o proxecto das obra non a obra en si, pois como digo podería ser compatible coa nosa pretensión vamos a votar a favor de estas dúas obras que é o elevador e o baño accesible, que durante este mandato o goberno executa a obra completa de esa reforma, loxicamente, pois non vendríamos nós, si gobernásenos, a destruír o que está ben e tamén, porque non admitilo, pode quedar ben ese centro integrado unificado de servizos sociais nese edificio, as discrepancias, as propostas diferentes non significan que non poidan aceptar no futuro si se levan a cabo como foi o tema da Devesa, onde votamos a favor da reforma do edificio na plaza da Devesa aínda non estando de acordo con todo o que alí se fixo pero si estabamos de acordo coa reforma do edificio. Polo tanto dito para que quede constancia en acta, nós vamos a votar a favor destas dúas obras que é o ascensor e tamén o baño accesible no antigo centro médico de saúde do noso Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Na Comisión informóusenos que aínda non se había presentado a ningún tipo de financiación ou subvención e aínda non se sabía en cal se iba a presentar, non sei si iso é así?

Sra. González Luis: A día de hoxe non se solicitou ningunha subvención o que se quere é aprobar este proxecto porque se sabe que se terá que agardar a algunha subvención que garanta esta accesibilidade e garanta que no momento que saía algunha subvención a que se poida acoller que teñamos o proxecto aprobado.

Sra. Tourón Domínguez: O digo porque lendo o proxecto, para a Comisión non me dera tempo a velo, nun dos apartado pon que será presentado na convocatoria de axudas destinadas a Concellos e Mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de actuación en materia de accesibilidade de competencia municipal ao abeiro do Plan de Recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea, por iso pregunto.

Sra. Alcaldesa: É unha das liñas de subvención de todos o anos, pode presentarse a esa ou a calquera outra aínda que o proxecto diga especificamente esa, ou iso foi o que nos dixeron.

Sra. Tourón Domínguez: Eu entendo que máis ben se copiou do proxecto integral



que foi presentado da rehabilitación integral que foi presentado para eses fondos. Era para aclaralo, a min me parece importante que se teña preparado e que se leve a calquera convocatoria que puidera sair e para aclararlle tamén ao PP que efectivamente fíxose o proxecto de rehabilitación e asumo que foi todo moi rápido de rehabilitación integral do Centro de Saúde e se presentou a fondos europeos e urxían os prazos, e efectivamente doulle a razón en que deberíámolo haber presentado pero foi todo nos prazos curtos que a Unión Europea presenta para estes fondos. Eu estou de acordo coa accesibilidade creo que era algo que reivindicabamos dende o PSOE dende fai moitos anos, nos no 2022 aproveitouse de presentar esa subvención sexa ou non sexa eu pediría que se siga intentando a rehabilitación integral porque creo que é o Centro de Servizos Sociais que agora hai alí é importante, atende a moitísima xente e se pode facer sempre e cando haxa esa financiación que eu creo que a vai haber de fondos europeos que se siga intentando.

Sr. Guerra García: Entendendo xa que dito edificio xa debía levar anos con ese elevador colocado, si levou tantos anos sen el efectivamente cada vez faise máis urxente, nós na medida que é un proxecto destinado a ver de captar fondos de subvencións fronte outras administracións vamos a aprobalo.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da accesibilidade no centro de servizos sociais municipais. Instalación de elevador e aseo accesible”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 08.08.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.387,84€ (IVE do 21 € incluído), ascendendo o IVE a 8.397,89€ e o presupostos en IVE a 39.989,95 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Moción do Grupo Municipal do PP sobre o 25N.

Sra. Pérez Cabaleiro: Voo a ler a exposición de motivos e logo pasar á proposta de acordos, seguinte:

*“O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:***
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Administración autonómica galega impulsa, desde hai anos, a coeducación



como modelo educativo, pois ten por obxectivo desbotar os estereotipos e os roles historicamente creados en torno ao xénero, fomentando, deste xeito, a igualdade real e efectiva.

A través da coeducación quérense transformar as relacións entre mulleres e homes, para o cal é preciso superar a xerarquización de xénero, é dicir, o modelo social polo que dimensións ligadas ao poder e á esfera pública (como o traballo remunerado ou a política) asociábanse á masculinidade, mentres que outras facetas (como a atención á dependencia e os coidados en xeral) desenvoltas no ámbito privado, estiveron identificadas coas mulleres.

Neste sentido, destaca a aprobación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. Un instrumento específico de igualdade que foi elaborado co obxectivo de servir de referente a todos os centros de ensino para abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, e no que recoller de forma sistemática as medidas a desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas ao alumnado, profesorado e equipos de orientación.

Así mesmo, hai que ter en conta que o sistema educativo non pode asumir en exclusiva o labor da educación en valores de igualdade. Por iso, é esencial a implicación das familias, para o que resulta fundamental a sensibilización e formación en materia de igualdade de xénero, enfocada á ruptura de estereotipos e á s distintas implicacións que estes comportan na vida das persoas: a elección de estudos, profesións ou actividades deportivas, a falta de corresponsabilidade no fogar, as relacións afectivas desiguais, e un longo etcé tera.

Ademais, tanto desde o ámbito educativo como desde outras á reas da Administración deberán ter continuidade as actividades formativas e de asesoramento en materia afectiva e sexual, para previr condutas de poder-submisión ou control sobre a parella, entre outras, e promover relacións respectuosas.

A este respecto, a aprobación da Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, marca os obxectivos de traballo para os vindeiros anos no que atinxe á prevención de realidades emerxentes da violencia contra as mulleres a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

A violencia dixital, en forma de control e violencia psicolóxica da parella, principalmente a través do móbil, pero tamén outras formas como o ciberacoso,



sextorsión e abuso sexual a menores de idade, vai en aumento nos últimos tempos e ten como principais vítimas ás mulleres, principalmente adolescentes.

*Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS***

1 Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).*
- b) Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.*
- c) Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo en rede.*
- d) Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.*

2 Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:

- a) Posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións, entre elas, a Xunta de Galicia.*
- b) Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.*
- c) Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións científicas e tecnolóxicas.*
- d) Realización de accións de sensibilización social e concienciación colectiva para o fomento de actitudes de respecto e tolerancia no ámbito da igualdade.*



e) *Fomentar iniciativas para formar as familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero)."*

Sra. Pérez Cabaleiro: O que acabo de ler é a moción que presenta este Grupo, Grupo Municipal Popular en vista de que o próximo mes, concretamente o día 25 de novembro é o día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, unha lacra na que debemos loitar non só o 25 de novembro senón hoxe o 26 de outubro, mañá e todos os días do ano e creo como muller firmemente para eliminar esta lacra a única opción é unirnos deixando a un lado todo tipo de partidismos, todo tipo de demagogia, todo tipo de populismo, abandonando as críticas, independentemente da cor do goberno que sexa, da Xunta, a nivel central ou a nivel municipal e unirnos e fomentar todos os nosos esforzos e acabar con esta lacra, porque o único número aceptable en realidade no eido da violencia de xénero debería ser cero. Sen excepcións debemos traballar sempre por sensibilizar a mocidade para previr así as violencias sexuais en todas as súas manifestacións, porque a erradicación da violencia sexual pasa en primeiro lugar pola educación e pola sensibilización social, en todo isto debemos estar, como dixen anteriormente, unidos, unir forzas por parte de todas as administracións e por parte de toda a sociedade, porque creo e estou segura que por parte de todos os pais, nais, de todos os compañeiros desta Corporación é dos veciños en xeral o obxectivo é a erradicación da violencia cara as mulleres e sobre todo a igualdade entre home e mulleres.

Sra. González Luis: En canto a esta moción, en canto un a lee por completo non pode estar máis que de acordo, creo que como ben dicías non so hai que darlle importancia o 25 N senón todos os días do ano, pero deste ano, dos que veñen e dos pasados e máis nun ano como este no que do que vai de ano as cifras son desgarradoras con 51 mulleres asasinadas a mans da violencia machista. En canto as propostas que se lle instan a Xunta de Galicia estamos completamente de acordo con todas, con promover os principios de igualdade, transversalidade de xénero, coa prevención de violencia de xénero, pero a min chámame un pouco a atención especialmente o apartado de coeducación, un apartado no que moitas veces a Xunta de Galicia financiou centros educativos nos que fai claramente unha educación, creo que baixo un punto de vista crítico, pouco igualitaria en canto aos roles de xénero en moitos casos. Ata fai ben pouco había unha financiación con fondos públicos a colexios que facían unha segregación por sexo, catro centros educativos en toda Galicia, que este ano xa se dixo que non ía a continuar con esta financiación, algo que me alegra, a única pena que me queda é que o motivo de que non se faga esa financiación sexa por cumprir a nova Lei educativa e non con motivo pedagóxico para que haxa, como ben din no punto e) unha educación afectivo-sexual dirixida a mocidade ten que haber unha convivencia entre diferentes sexos. Que clase de educación afectiva vamos a dar si estamos cofinanciando centros nos que só hai un sexo e non hai convivencia.



En canto ao que instan o Concello de Salceda, estou absolutamente de acordo en todos e cada un dos puntos que dades, creo que este Goberno traballou e está a traballar por conseguir moitos destes aspectos. Non vou a enumerar todas as accións que se fixeron porque creo que non é necesario, pero si podo enumerar algunhas que se van a facer e aproveitar este medio para que a veciñanza coñeza o programa Olimpia, unha subvención que acaba de chegar ao Concello financiada pola Deputación de Pontevedra, Axenda 2030 que farán diversas actuacións para toda a poboación pero especialmente para a mocidade, o concurso de fotografía o 25N, que fará obradoiros de saúde mental e de autocuidado en cada unha das nosas parroquias de cinco horas en cada unha das parroquias e catro horas no centro, para mulleres e para homes que se dediquen tempo a eles mesmos e autocuidado da saúde mental en coordinación co IES o proxecto “Donas de Si” que está sacando o profesorado e que o Concello colaborará con eles, no que aproximadamente oito veciñas con formacións e profesións científico tecnolóxicas explicarán, falarán sobre o seu día a día sendo uns referentes para as nosas veciñas que están en época de decidir os seus futuros, unha charla que se dará no IES o 21 de novembro financiada pola Consellería de Promoción, Emprego e Igualdade, unha charla informativa sobre agresións sexuais-violencia sexual, e un longo etc.. Estamos de acordo con esta moción e estamos de acordo con que todas as forzas políticas sigamos castigando calquera tipo de violencia machista sexa do tipo que sexa.

Sra. Tourón Domínguez: Por suposto o PSOE vai a apoiar esta moción, vamos a estar sempre de acordo con calquera iniciativa que promova a igualdade pero tamén hai que dicir que no papel queda moi ben, o discurso de que non fagamos partidismo, tamén queda moi ben pero na realidade o que pasa é que dende as institucións que teñen a competencia que son gobernadas polo PP a realidade é totalmente distinta, xa non falemos a onde se chegou, acordos PP-Vox porque iso xa é público, non hai nin que poñer exemplos porque saen na prensa a diario, como digo nós vamos a apoiar porque calquera iniciativa que promova a igualdade nos vamos a estar de acordo, pero ao que realmente hai que instar a Xunta é que invista en educación e en igualdade, que o faga ben, que o faga de feito suficiente para atallar o problema que hai e non só en publicidade ou en mocións xeneralistas para todos os Concellos e vou a poñer exemplos porque a verdade e que os datos non son bos. A Xunta de Galicia ten tres programas relacionados coa igualdade vou mencionar solo dous deles por poñer un exemplo, o 312G-Conciliación ao plan corresponsables, dos 11.000.000€ que a Xunta de Galicia inviste nese plan de corresponsables ao arredor de 10.000.000€ veñen do Estado e da Unión Europea, é dicir o 90,5% o inviste outras administracións e o 9,5 son fondos propios da Xunta de Galicia. Neste Plan quita este ano dos orzamentos con respecto ao ano anterior 1,2 millóns de euros, esa é a realidade non é demagogia son datos, e para erradicar tamén fai falta inversións e instar a Xunta que faga cousas pero que eles vaian recortando creo que non é forma de traballar neste caso. Teñen outro programa máis que é violencia contra as mulleres, dun total de 23.000.000€ que destina a Xunta de Galicia a este programa fondos de fora son 16 millóns e medio o 70% procede de outras administracións e



non da Xunta de Galicia. Tamén é “cuestionable” que se lle pida actividades dende o PP á Xunta de Galicia, a plantexar actividades formativas en materia de educación no eido afectivo-sexual é curioso que a traian aquí cando o PP a todas as que presenta o PSOE no Parlamento de Galicia lle vai dicindo unha e outra vez que non, por exemplo para que se inclúa de maneira transversal nos curriculums do alumnado, por poñer un par de exemplos. O que non se pode e intentar lavar a cara de alguén que non fai os deberes nun tema tan importante como isto, e non se pode dicir que vamos a instar a Xunta e que non fagamos demagogia porque é un tema tan serio, por suposto que é un tema serio e para erradicala e para facer cousas, desgraciadamente, fai falta pasta, diñeiro e hai que tomalo en serio, unha administración como a Xunta de Galicia gobernada polo PP non está tomando en serio esta cuestión cando recorta solo dun dos programas con respecto ao ano pasado 1.200.000€ e cando estamos falando de promover tanto por parte da Xunta como por parte do Goberno local promover a educación afectivo sexual e despois vai votando en contra reiteradas veces en contra de que iso se inclúa no currículo do alumnado, de forma transversal.

Por suposto nos vamos a votar a favor, como dixemos antes, pero creo que as cousas hai que dicilas como son e non vender demagogia como neste caso considero que é o que está facendo o PP, pero aínda que solo sexa un brindis ao solo voulle dar a benvinda ao PP a realidade que acontece.

Sr. García Guerra: Nós imos a absternos nesta moción, temos a nosa propia pero quero explicar claramente porqué. A min paréceme moi loable a manifestación da Sra. Pérez Cabaleiro de que estes son temas que diríamos deberían de estar por enriba de todo e de todos, pero casualmente si analizamos isto que se presenta nos quedamos cando menos chocados polas incoherencias entre o que se pretende e logo o que se fai en realidade. Cando no primeiro paragrafo fala de coeducación como modelo educativo fomentando a igualdade real e efectiva, efectivamente a cabeza véñenos as connivencias do PP cos colexios relixiosos e do Opus nomeadamente con subvencións impresentables a unha organización que ata hai pouco segregaba as aulas por sexo e que agora cando legalmente se lle pararon os pes a ese tipo de actitudes están dicindo con toda claridade que van poñer algunhas aulas en réxime normal, para seguir optando a subvencións da Consellería. É chocante que se pretenda falar de coeducación e ao mesmo tempo se estea fomentando con cartos públicos ese tipo de colexios que é todo o antagónico do que se pretende neste escrito. Os obxectivos que aquí se propoñen, creo que con moi boa vontade, xa estaban nunha asignatura que era educación para a cidadanía e esa asignatura quen a eliminou? Un nefasto e ben colocado Ministro do Goberno de Mariano Rajoy. En todo o escrito, porque estamos falando do 25N, en todo o escrito boto de menos unha cousa e é que en ningún momento se falaba de violencia machista e eu agradezo, dado o papel do PP neste tipo de cousas, que se faga referencia por unha vez á violencia de xénero e outra á violencia contra as mulleres, porque sabemos o PP é moi voluble neste tipo de cousas e altos cargos do PP seguen renegando que isto sexa un problema de violencia de xénero, que este non é unha



cuestión de xénero que é unha cuestión intrafamiliar como se di. Entón se para a proposta de acordos se lle insta ao Concello de Salceda a un feixe de cousas, efectivamente, como administración debe ter responsabilidade de moitas cousas, agora quen ten neste país as competencias e os cartos para promover todo este tipo de cousas que nos leven a un mellor camiño do que temos? Indudablemente a Xunta de Galicia e non vou a repetir os datos que acaban de dar, suben os orzamentos e baixan as partidas orzamentarias para este tipo de actividades, entón é chocante a pretensión que se ten e logo a realidade do PP que eu creo que choca contra todo o movemento feminista ao que tanta manía lle ten, porque o movemento feminista eu creo que si algo bo con todas as diferencias é que pon os puntos nos ies e chámalle as cousas polo seu nome e aí o PP ten unha eiva gravísima de recoñecemento de estas situacións, entón nós en todo caso alegrámonos de que se manifesten aquí cousas positivas pero entendemos que é unha moción de querer e non poder.

Sra. Pérez Cabaleiro: Direi que non ía a entrar no debate pero considero que debo facelo en nome deste grupo. En primeiro lugar creo que tendedes a xeneralizar cousas que non se deberían e menos neste eido, falades de partidos como VOX, eu non teño nada que dicir sobre un partido no que non milito e non teño que defender en absoluto, defenderei ao partido no que milito o PP e si falo, si son feminista, si falo de violencia machista, si falo de violencia de xénero tamén, por suposto falo de violencia contra as mulleres que é o que está pasando neste país e como dixo Verónica, aos datos nos remitimos. É moi fácil, como se dicía, falar de que estamos entre o Goberno máis feminista da historia, entre o goberno que máis defende as mulleres, cando en a realidade é moi diferente, a realidade é que estamos ante un Goberno que máis desprotexeu á muller coa aprobación da Lei do si é si, e recórdolle tamén a vostede Tano que o seu partido co único deputado no Congreso dos Deputados nese momento, Néstor Rego, votou xunto co PSOE a favor de esa lei que fixo que xa haxa máis de mil agresores sexuais que viron rebaixada a súa pena. Non nos falen de defender ás mulleres, non nos falen de protexer ás mulleres cando en realidade o seu goberno fixo outra cousa ben diferente. Non quería entrar neste debate porque creo que o único que deberíamos facer aquí eu, como membro do PP, instei a Xunta de Galicia a realizar e seguir realizando accións, dame igual quen governe na administración, instei ao goberno de Salceda a facer tamén esas propostas, a seguir traballando en materia de igualdade como estaban a facer e dáme igual quen governe e volvo a dicir, tanto na Xunta de Galicia como aquí, o único que deberíamos facer nós, en vez de entrar neste debates, é unir as nosas forzas, concienciar á sociedade e por suposto, utilizar todos os recursos que estean na nosa man para que así conseguir de unha vez por todas a igualdade entre home e mulleres e a erradicación do cen por cen da violencia contra as mulleres.

Sra. González Luis: A pesar de estar practicamente de acordo con todo o que aquí se di, estou en desacordo con algo que dis, é que parece que entrar en debate ten que verse como algo negativo, o debater enriquece e cando as posturas se escoitan e se fan críticas construtivas non ten porque se negativo. Eu non vou entrar en políticas a nivel nacional que poidan ser máis ou menos polémicas, eu o que me vou a agarrar é



o que aquí ven escrito, e a min parécemo fantástico que se inste a Xunta de Galicia a estes catro puntos, ao mesmo que se inste ao Concello porque creo que ten que haber, como ven dis, unha educación no eido formal pero tamén no non formal e as institucións, a familia e a sociedade teñen un peso grande na situación de violencia de xénero que estamos a sufrir, agora ben é certo, a realidade é a que é e non podemos escapar dela e o PP é un partido que moitas veces en moitos discursos, a través de moitas persoas manifestou moitos discursos machistas e isto está graficamente recollido nun montón de vídeos, efectivamente é un debate se escapa e se enfanga o que se quere trasladar para o 25 N pero tampouco podemos maquillar unha realidade.

Sra. Tourón Domínguez: Estou de acordo con Selene, entendo que se trae unha moción a pleno para debatela, entendo para que non quede nese brindis ao sol de dicir poño nun papel o que quero que a veciñanza escoite, o defendo e non se debate porque todo o que dixen queda moi ben. Fai nada, nus puntos atrás un dos teus compañeiros dixo que isto era política e que isto non era persoal, insistiu en que non era persoal e que era política e dende logo cando se trae unha moción deste senso instando é unha moción política co cal que se trae para debater. Non sei o debate partidista, o que un entende como partidista ou non, eu tamén me podo definir e así me defino moi feminista, pero si goberno unha institución que non inviste no que defendo falan os feitos e os feitos son que de 11.000.000€ que se invisten nun dos plan 10.000.000€ veñen do Goberno Central e da Unión Europea e que se baixou un 1.200.000€ con respecto ao ano pasado, e que outro plan xusto de violencia contra as mulleres se rebaixa tamén. Estamos a falar que facemos moitas cousas pero non se inviste o diñeiro niso, é dicir, aumentan o orzamento e baixan aquí e traedes unha moción que é mellor que non debatamos non vaia a ser que demos os datos e que non quededes igual de ben que no papel. Creo que é importante, é máis, me parece moi grave que se insiste a Xunta dende aquí e cando se insta no Parlamento a Xunta vote que no, aquí é onde gobernamos pero quen ten as competencias e quen ten que investir é a Xunta de Galicia e neste caso é gobernada polo PP.

Sr. Guerra García: Eu dixen que me ía a abster porque miraba unha intención positiva na moción e quero pensar que ese sentido positivo llo da a persoa que o presenta, porque si tiveramos que analizar o papel do PP neste eido votaríamos que non, o que lamento en todo caso é que se rematase a intervención da Sra. Pérez Cabaleiro con un clásico, o clásico é que a parte de que isto non é unha loita partidista que é de todos, o clásico é que o Goberno máis feminista e do Deputado do Bloque votou .. tal vez a Sra. Cabaleiro non se leu a lei, si unha lei ten defectos técnicos a veces pasan problemas e algún día destes ao mellor lle explicamos aquí a esta sala como unha lei mal feita polo Sr. Rajoy no 2016 está enchendo de centos de millóns de euros as arcas da Seguridade Social nun gasto dunha lei que tumbou Europa por mala redacción, de iso non se fala.

Sra. Pérez Cabaleira: Creo que deberíamos unir forzas, non vou falar da lei que non ten nada que ver con este punto que nos compete neste momento, Tano, por



suposto que lin a lei e de aí sei os fallos que custou asumir ao goberno e que tardou en rectificar e segue sen rectificar completamente e non digo eu que sexa o Goberno máis feminista da historia, obviamente é o que alardean e sen embargo, para min, considero que con esta Lei é o Goberno que máis desprotexeu a muller. Como dicía, creo que deberíamos unir forzas todas as administracións e repito, non deberíamos ser partidistas neste eido porque senón nunca xamais vamos a conseguir a erradicación da violencia contra as mulleres, que se un goberno a defende máis, que si un goberno defende menos, creo que por parte de toda a sociedade deberíamos defender por igual e de unha vez sen importar a cor política que nos governe e defender a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, porque desta forma nunca o vamos a conseguir, e por suposto conseguir romper a barreira e conseguir así a erradicación da violencia contra as mulleres.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **DOCE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), e **UNHA ABSTENCIÓN** do Concelleiro do Grupo Municipal do BNG, adoptándose o seguinte acordo:

1. *Instar á Xunta de Galicia a:*
 - a) *Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).*
 - b) *Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.*
 - c) *Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo en rede.*
 - d) *Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.*
2. *Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:*
 - a. *Posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións, entre elas, a Xunta de Galicia.*



- b. Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.
- c. Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións científicas e tecnolóxicas.
- d. Realización de accións de sensibilización social e concienciación colectiva para o fomento de actitudes de respecto e tolerancia no ámbito da igualdade.
- e. Fomentar iniciativas para formar ás familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero).

Moción do Grupo Mixto-BNG sobre o 25 N (URXENCIA)

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sr. Guerra García: Dou lectura da exposición de motivos desta moción:

“Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

Salustiano Guerra García, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Salceda de Caselas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral



do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer, o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos que negan e banalizan a violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2023, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita



contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.”

Sra. Pérez Cabaleiro: Creo que o debate neste caso é o mesmo que no punto da moción anterior e si resaltar que este Grupo vai votar a abstención polo punto número un, porque como dixemos no anterior, creo que neste tema o esencial é o fondo que a igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia contra as mulleres e deberíamos deixar a un lado e de unha vez por todas o partidismo e de ideoloxías neste temas.

Sra. González Luis: Fíxate que a min o punto un é o que máis me gusta porque creo que estamos ante un problema claro sobre todo na mocidade e sobre todo aqueles que traballan con adolescentes seguro que están de acordo con isto e é que é innumerable o número de ocasións no que un escoita como os e as adolescentes banalizan sobre a violencia machistas, que non nos esquezamos, a violencia machista afecta a mulleres e a homes, a fillos e a fillas.



Este equipo de Gobierno está completamente de acordo con todo o que nesta moción se recolle, Movemento Salceda é un partido feminista que sempre estará comprometido co impulso económico que garantiza unha atención de calidade a todas aquelas vítimas que sufren violencias machistas.

Sra. Tourón González: Efectivamente a maior parte do debate xa se deu no punto anterior, nós por suposto que vamos a apoiar esta moción, vai no noso ADN, Ana Cristina, tamén no ideolóxico non me costa dicilo e ademais é que é así, especialmente estamos de acordo na creación de novos CIM onde exista esa necesidade, dotar que é importante de contías económicas suficientes para desenvolver a actividade necesaria tendo en conta o número de mulleres que precisen atención, incorporar persoal con novos perfís profesionais, o que si pedimos e facer unha emenda no último punto onde pon *“o impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo”* si é posible engadir tamén *“a formación continúa tanto do persoal existente como de eses perfís que entran”* creo que é importante a formación continúa para todos os profesionais.

Sra. Guerra García: Con gusto aceptamos a engadega que fai a Sra. Tourón, quixemos presentar unha moción que poña os puntos nos ies, que fale con claridade da situación actual na que vive esta sociedade este terrible problema e parte de non negar ningunha palabra polo que se plantexa poñemos especial énfase sobre todo nos medios que hai que por a disposición das administracións para atallar ese problema, sen medios non se fai nada, podemos debater aquí vinte catro horas sobre o bo que sería todo iso pero sen medios non hai educación, non hai formación, non hai atención, non hai combate a este problema.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SETE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), e **SEIS ABSTENCIÓNS** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, adoptándose o seguinte acordo:

- 1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos que negan e banalizan a violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2023, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención



psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

- 3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.
- 4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:
 - 4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.
 - 4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
 - 4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo así como a formación continua tanto do persoal existente como de eses perfís que entran.

Moción do Grupo Mixto-BNG sobre o Grupo Faurecia (URXENCIA)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Representante: “En xullo do ano 2021 o Grupo Faurecia comunica ao comité de



empresa a venda da unidade produtiva a Callista Private Equity, un fondo buitre alemán, esta venta fai por 1€, venta que culmina tomando control da fábrica Faurecia Porriño por parte dos novos propietarios o 1 de xaneiro de 2022, a realidade que podemos comprobar foi que nunca tiveron un plan industrial nin inversión nin nada parecido, senón todo o contrario, dedicáronse a descapitalizar a planta con accións como practicamente regalar os terreos onde se asenta a fábrica. En febreiro de 2023 o fondo buitre alemán seguindo o seu modus operandi habitual abandona a antiga planta de Faurecia Porriño cedendo os activos a unha empresa romana xestionada por un tal Sr. Rudiger Wisser, personaxe que se autodefine así mesmo como enterrador, así se presentou ante o comité de empresa e deixa claro que dende o primeiro momento que non vai invertir nin ten interese na xestión da actividade e pasado 26 de setembro nos anunciou o concurso de acredores. Nesta trama non podemos perder de vista que o principal cliente foi e seguirá sendo Faurecia precisamente a que iniciou o proceso e a que vai deixar a máis de 150 familias sen emprego, se as administracións e a xustiza permiten esta manobra na que unha multinacional poida pechar un centro de traballo dunha forma tan sinxela para evadir desprestixio e responsabilidades económicas pode suceder que o que fixo Faurecia o poida facer con calquera empresa. Xa mantivemos no pasado reunións co IGAPE, as Consellerías responsables e con inspección de traballo para alertar da situación que se está a producir e estamos reuníndonos con Alcaldes e Grupos políticos de zona durante estas semanas de cara a que poñan todos os instrumentos que teña a administración para buscar solucións e manter os postos de traballos, que eso é o que realmente o que nos preocupa. Por iso dende o comité de empresa instamos a Xunta de Galicia, Goberno de España, Concellos, Zona Franca e a todas as administracións responsables que de algún xeito pidan mediar neste conflito a atopar unha solución que pase por manter os postos de traballo, tamén nos preguntamos si as administracións, que van a ser quen paguen este despropósito con cartos públicos, si se posicionan cos traballadores ou cos buitres.

Sr. Guerra García: A proposta que se solicita neste pleno é adopción do seguinte acordo:

1. Apoio as familias afectadas por esta situación, concretamente as familias veciñas deste Concello.
2. Instar á Xunta da Galiza, Consellaría de Industria, Economía, IGAPE, e todas as administracións que dalgún xeito poidan mediar neste conflito, a que traballen para poder buscar unha solución que pase por manter eses 103 postos de traballo directos por diferentes vías:
 - a. Declarar ilegais todos os movementos dos dous últimos anos, subrogación dos traballadores incluída.
 - b. Buscar investidores que intercedan para poder darlle viabilidade a unidade produtiva do Porriño.

Sr. Rodríguez Davila: Benvida a todos homes e mulleres que traballades na empresa



citada a cal dada a situación lamentable que estades a vivir, loxicamente, vamos a apoiar, faltaría máis, o que reivindicades e o que vivides, independentemente de que todo o que decides seguramente haxa máis cousas que sexa peor do que estades relatando, no sentido de que, cando un é membro dun sindicato ou dun comité de empresa seguramente non é quen de captar todo o que sofren os compañeiros de arredor e polo tanto seguro que é peor do que estades a relatar e seguramente si vamos persoa a persoa e o que viven nas súas casas esas familias. Polo tanto o que se dixo polo lo representante que hoxe interveu neste pleno pois loxicamente o apoio unánime deste grupo e estou convencido que de toda a Corporación para intentar solucionar e salvar unha actividade empresarial e ao final xera riqueza pero sobre todo, da unha esperanza de vida aos traballadores e traballadoras que nesa empresa desenrolan esa actividade e polo tanto remato como empecei, agradecer a vosa presenza e que seguides reivindicando os vosos dereitos e intentar salvar esa actividade empresarial e todo o noso apoio para intentar conseguir o fin polo que estades traballando e mobilizándovos.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende Movemento Salceda sumámonos a moción do BNG e evidentemente ao relato dos traballadores que estades aquí, súmome tamén as palabras de Santi e penso que coincidiremos tamén co PSOE, todo o noso apoio e non só por parte de Movemento Salceda, dende o Goberno de Salceda tedes o noso apoio, tedes as portas aberta para poder axudarvos en todo o que precisades e esperemos, aínda que vai se complicado, esperemos que esta problemática se resolva da mellor forma posible.

Sra. Tourón Domínguez: Darvos a benvida, agradecer que esteedes aquí expoñendo este tema e que tamén participedes no pleno de forma activa porque creo que é importante. O PSOE apoiamos sempre estas iniciativas lembro en algún pleno que participou tamén Maderas Iglesias, por poñer un exemplo, desgraciadamente danse estes casos, o noso apoio dende logo a calquera tipo de iniciativa en materia laboral o ides a ter sempre, somos coñecedoras da situación dos traballadores e das familias, por suposto tedes o noso apoio, tamén somos coñecedoras por distintas circunstancias levamos tempo mantendo contacto con algunhas persoas afectadas e de como se foi chegando a este situación actual, lamentamos que estas prácticas sexan permitidas e deixen a máis de cen familias neste situación tan complexa, dicías antes que buscabades un pouco o posicionamento de si ao lado do fondo buitro ou dos traballadores por suposto o noso posto e a nosa posición vai ser e vai a estar sempre ao carón dos traballadores.

Sr. Alcaldesa: Creo que quedou claro e a veces os políticos e políticas de diferente cor temos moitas cousas en común e cando é de xustiza como neste caso, apoiar o comité de empresa que o que pretendía era visibilizar o problema que tedes laboral, nos unimos e vos dicimos que contades con todo o noso apoio dende o Concello, dende o Goberno e eu como Alcaldesa ofrécovos toda a nosa axuda. O Concello conta con asesoramento xurídico e laboral que queda ao voso dispor si é preciso que o necesitedes, moitísimo ánimo e eu estábate escoitando e me acordaba dunha



compañeira de Budiño, Carme, unha muller moi cerquiña da xubilación cun problema tremendo no seu fogar, cun marido que ten demencia e que se vai a topar sen traballo nos vindeiros días, póñome na vosa pel e a verdade e que non hai dúbida de a quen apoiamos, nós estamos cos traballadores coa xente traballadora, moita sorte, moito ánimo e todo o noso apoio.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

1. Apoio as familias afectadas por esta situación, concretamente as familias veciñas deste Concello.
2. Instar á Xunta da Galiza, Consellaría de Industria, Economía, IGAPE, e todas as administracións que dalgún xeito poidan mediar neste conflito, a que traballen para poder buscar unha solución que pase por manter eses 103 postos de traballo directos por diferentes vías:
 - a. Declarar ilegais todos os movementos dos dous últimos anos, subrogación dos traballadores incluída.
 - b. Buscar investidores que intercedan para poder darlle viabilidade a unidade produtiva do Porriño.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o 2023-1009 de 28 de agosto ata o núm. 2023-1271 de 20 de outubro.

Queda dada conta dos decretos dende o número 2023-1009 de 28 de agosto ata o núm. 2023-1271 de 20 de outubro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS

Sr. Rodríguez Davila: Todos somos conscientes do que está a suceder no entorno do Campo do Penedo Redondo, pedimos a través deste rogo que se reforce as medidas de seguridade, porque sabemos que nas últimas semanas, meses as cousas están indo a máis e polo tanto creo que é necesario que se reforce a seguridade e que se tomen as medidas oportunas.



Sr. Rodríguez Davila: Este o presentarei con planos incluído, é unha proposta que vamos a facer de modificación, de circulación nun tramo na Altamira, detrás dos edificios onde está a Carmela, facer sentido único unha parte non toda, a última parte inicial onde esta a casa de Francisco, aí facela de dobre sentido para que o garaxe de ese edificio teña mellor saída cara abaixo e de aí para arriba sentido único ata o enlace da estrada que da a Cámara Agraria cara a Peguallal.

Sra. Alcaldesa: Sobre o primeiro rogo, apuntar que no seu momento se tomaron medidas ademais a través da Garda Civil de Tráfico estudando a situación de perigo e de todo o acontece no Penedo Redondo somos conscientes, ademais nos chegan a través da veciñanza as queixas e o perigo do espazo, en breve teremos a Mesa de Seguridade onde estamos convocados ademais da parte política a Subdelegación do Goberno máis a Forzas e Corpos da Seguridade do Estado e será un dos temas que vaia na orde do día desa reunión.

En canto ao segundo rogo vaiche contestar Álex, Concelleiro de Tráfico, porque xa hai unha proposta para ese vieiro.

Sr. Rodríguez Canosa: Precisamente xa se encargou o informe á Policía, xa está o informe feito e si a previsión, ademais coincide co que dís, o de colocar xusto a sinal despois do último portal, alí danse os metros suficientes para facer dobre dirección polo tanto pensamos que facilitamos que eses garaxes poidan saír para baixo, a idea é facer dirección sentido único cara arriba, cara Peguallal ata o cruce pasando a da Carmela e intentar facer aí tamén dobre sentido ao final do portal da Carmela, para que os de Carmela poidan entrar de arriba para baixo e non teñan que dar toda a volta por abaixo. En canto á seguridade maña temos unha reunión cunha empresa de seguridade para asesorarnos de diferentes cuestións entre elas a do Penedo Redondo para mellorar a seguridade.

Sr. Rodríguez Davila: Insistir, creo que é de xustiza, que se poña solución a esa estrada do Agro, en Parderrubias, dende a casa de Pepe-ratiño ata o enlace que vai a igrexa creo que leva máis de dez anos esa estrada en atender, ese tramo de estrada, e tamén a colocación nese tramo da luz que naquel momento roubaron o cable e está como está a día de hoxe e polo tanto insistimos e rogamos que se execute tan pronto como sexa posible a través de calquera plan no vindeiro ano.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente alí viven Pepe e Loli, son plenamente consciente da necesidade que ten esa estrada si ben é certo que procuramos bacheala ao máximo posible ata que consigamos financiación para esa estrada que necesita ser reparada completiña, ademais diso dende que se roubou o cable naquela época onde desaparecía todo o cobre, non se fixo reposición, agardamos que poida ir dentro da subvención de cambio a led de máis de millón e medio que vamos xestionar non tardando demasiado, se poida incluír ese treito que son poucos farois e un treito onde pasa moita da veciñanza de Parderrubias.



Sr. Fernández Pérez: Teño un rogo, mellora da estrada Pantel, a estrada da Revolta subida ao Penedo Redondo, esa estrada está situada na entrada no Pavillón do IES Pedras Rubias, na actualidade esa estrada atópase en moi mal estado onde os autobuses dos IES e as actividades do Pavillón fai urxente adoptar esa infraestrutura dun plan de mellora integral, por elo propoñemos melloralala, tanto no asfaltado como no seu ancho e servicios así como darlle saída e continuidade a través do camiño en terra que xa existe dándolle saída ao carón das casas que están na Revolta ao lado da estrada que vai cara ao Penedo Redondo. Polo anteriormente exposto rógase teñan en conta esta proposta coa finalidade de mellorar esta vía pública tan usa por veciños e veciñas.

Sra. Alcaldesa: Coñezo o espazo e algunha vez tamén o visitei coa veciñanza, si ben é certo que coas obras da ampliación do IES aquel treito sofre moitísimo máis tráfico, seguro que viches que xa hai dúas zonas asfaltadas que se fixeron fai dous anos e medio, aproximadamente, e máis unha tira de ensanche pola parte que vai a Revolta na zona circular, é certo que a esa estrada e moi positivo darlle continuidade, si lle damos continuidade é certo que estamos falando dunha obra importante e sobre todo si queremos ancheala sempre e cando contemos coa autorización dos veciños e das veciñas.

Sr. Núñez Troncoso: Un rogo, neste caso é do arranxo da estrada que vai dende Madorro ao Facho, ato o límite con Tui, o estado está lamentable sobre todo polas raíces dos pinos, Tui xa arranxou ata o seu límite falta a parte de Soutelo, entón que se proceda canto antes ao arranxo.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o rogo, si ben é certo que é un treito ben pequeniño e sei que hai alternativa posible por outras vías, polo tanto a veces é cuestión de financiamento e de sentar prioridades e o diñeiro da para o que da e hai que sentalas, pero si, sei que está mal pero hai alternativa viaria para chegar a esa zona por outra estrada.

PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Davila: Temos constancia de dous documentos que entraron por rexistro dunha viaxe que se fixo a Túnez, nas últimas semanas, queríamos saber porque non se fixo pública esa viaxe para que todos os mozos e mozas puideran optar a iso e tamén que criterios se seguiron para decidir as persoas que foron a esa viaxe a Túnez nas últimas semanas?.

Sr. Rodríguez Canosa: Tratábase dun intercambio xuvenil pertence ao proxecto FOODLAB, un que se fixo o ano pasado a Portugal non houbo problema e este publicouse o 7 de setembro polo Concello e estas tres persoas apuntáronse, eran tres



praza non se apuntou máis xente non foi necesario facer proceso selectivo, xa che digo publicouse o 7 de setembro.

Sr. Rodríguez Davila: Porque non se restableceu a relación comercial, compra, o subministro do combustible coa gasolinera local?

Sra. Alcaldesa: A gasolinera no seu momento deixou de traballar co Concello por diferentes circunstancias, unha delas contable e xestión dos seus recursos, nada máis traballamos con outro provedor, sen máis, iso creo que pasa a diario en todas as empresas e en todos os organismos.

Sr. Rodríguez Canosa: Quería engadir unha cuestión ao de antes, ao proxecto europeo, o FOODLAB financiado con fondos europeos que lle custa cero euro ao Concello de Salceda, quero remarcalo que lle custa cero euros ao Concello de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Segundo nos contesta vostede considera normal que a gasolinera non teña dereito a que o Concello lle volva a comprar porque o Concello lle cortou o subministro cando non se lle pagaban as facturas, por tanto aquilo que vostede dixo fai ano e algo, que xa arranxaría rapidiño a situación ano e medio despois.

Sra. Alcaldesa: Limítese a preguntar e non cuestione a decisión dos provedores ou acredores do Concello, limítese a preguntar.

Sr. Rodríguez Davila: A súa, vostede nos dixo que ía arranxar aquilo rápido e levamos un ano e medio

Sra. Alcaldesa: A empresa é libre de tomar a súas decisións.

Sr. Rodríguez Davila: E o goberno tamén por iso está comprando o gasóleo en Porriño e non en Salceda, esa é a realidade, a lamentable realidade.

Sr. Rodríguez Davila: No último mes e medio, dous meses, botamos en falta nas instalacións municipais, o tractor que se nos concedeu por parte da Consellería do Medio Rural que constou 130.000€ aproximadamente e queremos saber onde está o tractor e cal é o motivo no lugar que esta?

Sra. Alcaldesa: No lugar de andar a buscalo podían preguntar, no Novo Agro reparándose.

Sr. Rodríguez Davila: Resulta que está no Novo Agro, e o tractor, Sra. Alcaldesa minte unha vez máis porque non está no Novo Agro, o tractor leva dous meses nunha propiedade privada parado, non se está a reparar, está a intemperie coas consecuencias que iso conleva para o deterioro do tractor, vostedes parece que iso



non lles importa, en mans de empresas privadas utilizando o tractor para os seus servizos, etc.... e vostede ven aquí e minte, non di a verdade ao respecto do tractor polo tanto acaba de retractarse.

Sr. Rodríguez Davila: Temos constancia por escritos de entradas do rexistro, respecto que os desfibriladores que hai en diferentes ubicacións das nosas instalacións non están ao día, queremos saber cal é o motivo? Sabemos que a empresa non cobrou e vemos no escrito que non se fai responsable das consecuencias de que si hai unha necesidade de utilización de ese desfibriladores non se poidan utilizar, polo tanto queremos saber cales son os que non funcionan, os que non están en garantía ou os que teñen as baterías caducadas e os parches tamén.

Sr. Rodríguez Canosa: A empresa a día de hoxe xa cobrou seguindo a prelación de gastos de prelación de entrada, a empresa si que é certo que realizou eses servizos no mes de decembro e facturou en xuño e cobrou a semana pasada, entendo que despois de cobrar está restablecido completamente o e que tamén podó engadir que en ningún momento ningunha instalación deportiva de Salceda estivo desatendida, sen ningún DEA en perfectas condicións, en todo momento todas as instalacións deportivas de Salceda estiveron atendidas con DEA en perfectas condicións.

Sr. Rodríguez Davila: Me alegra escoitar iso da súa voz pero o escrito non di iso, pero si vostede di que todo o mundo está ben atendido eu quero crerlle.

Sr. Rodríguez Canosa: Había dous que tiñan caducadas as baterías esa persoa se negou a cambiar as baterías e o que se fixo foi levar outro desfibrilador mentres esta persoa non cambiou esas baterías, polo tanto sempre houbo un desfibrilador en perfectas condicións nas instalacións.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede sabe que o desfibrilador non se pode cambiar de ubicación porque está rexistrado no 061 e si hai unha emerxencia conta con un desfibrilador e con unha ubicación concreta e non rexistro como funciona.

Sr. Rodríguez Canosa: Vostede sabe que non todos os desfibriladores están obrigatoriamente xeo-localizados.

Sr. Núñez Troncoso: Porqué os demais grupos da Corporación para pedir calquera documento, calquera factura o temos que pedir por rexistro e porqué a Agrupación de Electores se lle facilita unha factura sen solicitala por rexistro.

Sra. Alcaldesa: Non sei si se deu conta que nós somos Goberno e somos Concelleiros.

Sr. Núñez Troncoso: Independente que sexa goberno, Sra. Alcaldesa, se lle está facilitando documentación, uso de material público a un partido para usalo nas redes sociais, ten que solicitalo por rexistro igual que o solicitamos os demais grupos da Corporación. Porqué sélle facilitou a Agrupación de Movemento Salceda unha factura



sen habela solicitado por rexistro?.

Sra. Alcaldesa: Nese momento non era Berta Secretaria que nomeara accidentalmente a outra persoa, unha administrativa do Concello, formuleille esta pregunta, porque a introduciu vía rexistro e díxome que efectivamente non tiña razón ningunha e que podíamos usar a documentación que está no día a día nos Concelleiros e Concelleiras, si ten algunha dúbida que lle respondan por escrito. Dito isto creo que o que realmente lle doe a vostede foi que quedara en evidencia cando tratando de facer demagogia nesas páxinas anónimas que teñen e que fomentan, esas cousas que colgan, falou do prezo dun espello por importe de non sei canto que pouco menos ese espello ía ir aguantando todas as Comisións do Grupo de Goberno que non cobraba, podía ser non? Igual están un pouco acostumados a eses temas, pero non, xa mira que cando se publicou a foto e apareceu o corpo da factura ademais de dez espellos aí bastante outro material, iso é o que pasa por non ver as cousas ben e intentar facer demagogia.

Sr. Núñez Troncoso: Iso é o que pasa por non pasar a información a oposición, porque no listado que vostedes pasaron poñía un espello, ou sexa si vostedes ocultan información alá vostedes, así que pasan un listado resumido e o listado poñía un espello que foi o que dixó este Concelleiro, e respecto de facturas públíquenlas no facebook do Concello pero non a publiquen na redes sociais da Agrupación de lectores.

Sr. Nuñez Troncoso: Xa o dixen no último pleno seguimos tendo documentación dende febreiro sen entregar a este Grupo, e lle vou a dicir os números de rexistro.

Sra. Alcaldesa: Non fai falta que me repita, outra cuestión que lle consulte a Secretaria que tamén foi Ana naquel momento, a administrativa, evidentemente esta Alcaldesa nunha nova lexislatura non pode responder a esas peticións de documentación de rexistro que fixo o PP nunha lexislatura anterior, é máis, esta Alcaldesa contestou en menos de 24 horas a todas e cada unha das peticións de documentación que fixo por rexistro.

Sra. Tourón Domínguez: Si dada a situación de pediatría si se convocou o Consello de Saúde ou a Comisión da Mesa de Tralaballo de Saúde de Benestar?

Sra. González Luis: Si, de feito se puxo unha data que se vai ter que cambiar porque a Sra. Alcaldesa quere acudir e xa tiña outra cita, se dará continuidade a esa mesa de saúde que se había realizado con anterioridade para que se poidan poñer en práctica algunha das decisión que se habían tomado, que non sei porque se fixeron, executalas porque xa estaban tomadas e seguro que aí traballando en rede de maneira interdisciplinar sairán moi bos acordos.

Sra. Ledo Souto: Quiero preguntar outra vez por el teléfono que ya pregunté en el último pleno, funciona ya, se solucionó el problema o no?



Sr. Rodríguez Canosa: Si, Servizos Sociais xa esta restaurado dende fai tempo pero aquí algúns problemas co cableado anterior, hai que cambiar o cableado estase retrasando, pero está en vías de soluciónalo.

Sr. Guerra García: Quería preguntarlle a Sra. Alcaldesa si sabe que hoxe o pavillón de Parderrubias estaba totalmente anegado de auga, non se podía practicar ningún deporte alí, non é un problema de hoxe, cando veñen chuvias fortes aquel pavillón sempre acontece o mesmo, a ver si o Goberno local dirixe a quen corresponda escrito de existencia de que repare de unha vez o pavillón de Parderrubias.

Sra. Alcaldesa: É un pavillón da Xunta de Galicia, precisamente, pero teño que dicirlle que non coñecía que non funcionaba nin a cuberta nin a permeabilización de ese pavillón, nin nesta lexislatura nin en anteriores escoitei que había esa problemática é a primeira noticia que teño, de feito si sabíamos que a tiñamos no pavillón municipal que se lle deu solución recentemente co cambio de cuberta e a impermeabilización pero lle aseguro que nin nesta lexislatura nin na anterior tivemos unha sola queixa de goteiras nese espazo, é repito non é competencia nosa senón da Xunta pero lle trasladaremos esa necesidade.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

